

25N. Loita labrega contra todas as violencias machistas ▶ 18-20

TG SUPREMA. Xuntanza do SLG-CCLL co Ministerio para tratar a obriga de acortellamento na IXP ▶ 5



LEI DE ACOMPAÑAMENTO.

Roubar dereitos á cidadanía para outorgar privilexios ás empresas extractivas ▶ 10-12 e contraportada

MINA DE TOURO.

Dende o SLG facilitamos como punto de entrega de alegacións os nosos locais en toda Galiza, co fin de dinamizar a participación da cidadanía (prazo aberto até o día 31 de xaneiro) ▶ 14



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano MMXXIV - N° 350 - Novembro - Decembro 2024



NIN ALTRI NIN ACORDO UE-MERCOSUR

O Sindicato Labrego participou o 15 de decembro na manifestación contra Altri-Greenalia, en Compostela; e o 16 de decembro en Madrid, diante do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, contra o acordo de desregulación comercial UE-Mercosur.
[Fotografía superior: autoría de Luismi García Vega (Plataforma por unha Ulloa Viva)].



sindicato
labrego galego
comisións labregas

séguenos en

www.sindicatolabrego.gal

e tamén en

[facebook](#)



Políticos ou comerciais de empresas?

Un país democrático os representantes públicos deberían obrar guiados polo interese xeral e atender as demandas e preocupacións do conxunto da sociedade. O pasado domingo 15 de decembro 100.000 persoas amosamos o noso rexeitamento á macrocelulosa de Altri de Palas de Rei nunha manifestación histórica, na que se chegou a encher a Praza do Obradoiro até en tres ocasións distintas. Malia á enorme contestación social, aos datos das graves consecuencias que terá na vida da veciñanza e nas actividades xeradoras de emprego que hoxe hai na comarca, como as agrícolas ou gandeiras, á enorme ameaza dos incendios que suporá unha maior eucaliptización do país ou mesmo en relación con cuestións de saúde pública, como o incremento de emisións e de contaminación, o grave impacto no río Ulla e a deterioración dos ecosistemas e da biodiversidade que suporía; o presidente Rueda volveu a defender dende o Parlamento o proxecto de Altri.

A conselleira de Medio Ambiente, Angeles Vázquez sorprendíanos na prensa uns días despois da histórica mobilización anunciando que o proxecto conta xa con “3 informes favorables do seu departamento pese a que lle pediu máis información e se lle esixiu máis a empresa”, á vez que descualificaba os partidos e as organizacións ambientais que apoiaban á mobilización. A encargada de velar polo cumprimento da lexislación ambiental semella máis ben a comercial do grupo empresarial que promove a megacelulosa.

En vez de avanzar na autorización do prato invertido como sistema para a aplicación do xurro, que a Xunta debe regular para que a excepción permitida polo Real

Decreto de Nutrición Sostible do Solos Agrarios sexa efectiva, a Xunta de Galicia semella moito máis interesada en crear un suposto problema do purín en diferentes comarcas para logo defender a necesidade de crear plantas de tratamento. Existe un problema nalgunha bisbarra e mesmo a ameaza de que nos vindeiros meses poidan ser declaradas zonas vulnerábeis, especialmente na Limia e tamén nalgún concello do Deza e relacionado sobre todo coa concentración de cebadoiros de porcino sen terra.

As gandeiras e os gandeiros como escusa

Paradoxicamente, é noutros lugares nos que se están tentando poñer as plantas de tratamento, manipulando a opinión pública con unha suposta necesidade do sector gandeiro, xusto noutros concellos nos que se emprega o esterco fundamentalmente de vacún como fertilizante sen que se xustifique esas instalacións nin o enorme gasto de diñeiro público que se pretende. O propio presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou no Parlamento o “apoio total” a unha macroplanta de tratamento de purín en Cerceda, para o que se establecería unha rede de transferencia supramunicipal para o traslado posterior da facción sólida de purín a cinco grandes complexos de dixestión anaerobia onde se produciría biometano. A administración galega a través do consorcio público-privado Impulsa Galicia participaría economicamente no chamado “Sogama do purín”, impulsado por Reganosa, Naturgy e Repsol.

En Teixeira, a conselleira de Economía, María Jesús Lorenzana, anunciaba este ano a axilización dos trámites administrativos para unha planta na que de novo as gandeiras e os gandeiros son empregados como

escusa para un proxecto para producir biogás a partir de purín nunha planta impulsada por Vertex Bioenergy, a empresa que xa xestiona a planta de Bioetanol Galicia, e que tería capacidade para procesar 100.000 toneladas ao ano e para a que se prevé un investimento de 12 millóns de euros.

En Lugo, o Grupo Lence disporá tamén dunha planta para tratar os seus residuos, que contará con un apoio de axudas europeas de 4,5 millóns de euros nunhas instalacións impulsadas principalmente pola propia industria láctea, Agroamb e Norvento, noutra actuación na que tamén tratan de xustificar o proxecto argumentando que ofrecerá un servizo para procesar puríns de explotacións gandeiras que lle entregan o leite a Lence. O problema de residuos industriais e mesmo de lodos urbanos semella unha das motivacións fundamentais para este tipo de proxectos.

En Antas de Ulla o grupo CCC Energo, con socios de EE.UU, España, Holanda, Israel e Ucraína, presentaba este mes de decembro outro proxecto de planta de tratamento empregando argumentos falsos como unha suposta prohibición de empregar o purín como fertilizante e mentindo sen pudor, indicando na prensa que o seu proxecto responde a unha demanda das persoas gandeiras de solucións para poder desfacerse dos puríns. Estas operacións de greenwashing e especulativas contan co apoio de moitos políticos, de dubidosa integridade, pero as verdadeiras vítimas desta manipulación van ser as ganderías con terra, en particular as de vacún, ás que se trata de facer culpábeis para agachar outros intereses.

Tódolos contidos deste periódico publicanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL
COORDINACIÓN
Noelia Gómez Calvo
Vera Cruz Montoto Vázquez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ana Rodríguez Vázquez, Diego Sánchez Agra, Brais Álvarez, Manolo Villaverde
DESEÑO E MAQUETACIÓN
Noelia Gómez Calvo

COLABORACIÓN
Iván Rodríguez Lombardero, Juana Ferrer Paredes, Pilar Guimarei, Xosé Ramón Cendán, Mónica Amado

PECHE DE EDICIÓN 20-12-2024

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.gal
www.sindicatolabrego.gal

ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177

AS PONTES 8 de Marzo, s/n - 15320. ☎ 669 651 700

BERGANTIÑOS Bar Arboleda. Coristanco. ☎ 981 682 908

BETANZOS Cruz Verde 7, baixo - 6. ☎ 981 773 377

COMPOSTELA Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 588 532

MELIDE Rúa do Convento s/n. Contactar co ☎ 686 936 429

MOECHE Oficinas do Campo da Feira. ☎ 669 651 700

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Compostela. ☎ 981 554 147

MUXÍA Sendón. ☎ 981 588 532

ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908

PONTE DA PEDRA Casa Capellán. ☎ 669 651 700

SANTA COMBA Rúa Miraflores, 0, Casa da Cultura.

☎ 981 588 532

TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781

VAL XESTOSO Casabella. ☎ 669 651 700

AS NOGAIS Casa do Concello. ☎ 604 027 886

A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 604 027 886

CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804

LEMON Local da CIG. Monforte. ☎ 982 440 804

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376

LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154

MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714

RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira.

☎ 982 512 431

MONTEDERAMO Casa do Concello. ☎ 630 970 131

RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230

XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547

A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232

CRECENTE Centro Cultural San Paio. Albeos. ☎ 669 808 418

LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268

O ROSAL Ramón Franco, 13. Edf. Rosales. ☎ 986 625 394

O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia).

☎ 648 263 009

PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6

☎ 986 641 508

PREZOS LEITE ▶ Solicitamos a consellaría, Axencia de Información e Control Alimentario e Comisión Nacional de Mercados e da Competencia a investigación e a aplicación da Lei da Cadea Alimentaria

Pedimos que investiguen a Carrefour por posíbeis prácticas abusivas

O coordinador do sector leiteiro, Xulio Fernández, trasladou esta alerta directamente á conselleira nos premios Exceleite 2024

A multinacional francesa da grande distribución Carrefour está a utilizar como produto reclamo leite galego envasado por Leite Río, unha práctica abusiva en principio rexeitada nos acordos da Distribución ca Administración e que pode vulnerar a Lei da Cadea.

Estas prácticas desleais supoñen unha grave ameaza para as granxas galegas, a día de hoxe perceptoras dos prezos máis baixos de todo o Estado malia sermos o territorio con máis produción. De feito, como xa denunciámos no seu momento, precisamente no mes de xullo Leite Río liderou as ofertas de contrato á baixa ás gandeiras galegas, con propostas que caían até os 38cts/l.

Alertadas por esta práctica, con ocasión dos VIII Premios á Excelencia Hixiénico-Sanitaria das Explotacións Leiteiras de Leite Cru de Vaca (Exceleite 2024) que tivo lugar o venres 22 de novembro, o coordinador do sector leiteiro no Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), Xulio Fernández, trasladou á conselleira do Medio Rural, María José Gómez, a nosa preocupación por esta nova campaña de baixada de prezos do leite por parte desta multinacional da distribución, suñando a necesidade de poñerlle couto de xeito contundente, previndo que outras distribuidoras queiran aproveitarse desta situación para tamén tirar os prezos dos

produtos lácteos.

Instamos polo tanto á Consellería do Medio Rural, así como ao Ministerio de Agricultura a través da Axencia de Información e Control Alimentario (AICA), a investigar a existencia dun posíbel incumprimento da Lei da Cadea, na medida na que se está a producir unha clara desvalorización do leite que afecta a distintos axentes dentro da mesma, con especial incidencia no elo máis feble: as granxas.

Asemade, sendo conscientes de que xa en anteriores ocasións a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia (CNMC) ten identificado prácticas abusivas por parte dos axentes máis poderosos no sector, constatadas posteriormente pola Xustiza, solicitamos tamén a súa intervención ante a actual estratexia de Carrefour e Leite Río.

Cómpre dar visibilidade ao traballo das produtoras

Ao igual que manifestou a conselleira no discurso da entrega de premios Exceleite 2024, no Sindicato Labrego Galego tamén consideramos que esta excelencia na calidade debe pagarse: as industrias e a distribución teñen que facer un esforzo por mellorar os prezos ás gandeiras e aos gandeiros.

Nesta liña, ademais de cuestións imprescindíbeis como que a propia administración galega e estatal cumpra co seu deber de velar polo cumprimento da Lei da Cadea Alimentaria, no SLG facemos fincapé unha vez máis na importancia de que sexan desenvolvidas con urxencia campañas e estratexias de comunicación orientadas a visi-



bilizar o excepcional traballo que levan adiante as produtoras e os produtores galegos para facer chegar alimentos de excelente calidade ás persoas.

O CASO DE EROSKI

Unha semana despois de solicitarlle á Consellaría, AICA e CNMC que investiguen a Carrefour, no SLG denunciámos as prácticas abusivas nunha área comercial de Eroski, cunha marca envasada tamén polo Grupo Leite Río, que o SLG xa ten delatado a súa estratexia na baixada dos prezos de cesión á industria. Parece incríbel que despois de celebrarmos a exce-

lente calidade do leite nos VIII Premios á Excelencia Hixiénico-Sanitaria das Explotacións Leiteiras de Leite Cru de Vaca (Exceleite 2024) teñamos que estar denunciando este tipo de prácticas. “Non se pode permitir que este tipo de prácticas se estendan e volvamos a situacións indesexábeis”, sinalou o coordinador do sector leiteiro no SLG, Xulio Fernández. Apelamos á responsabilidade da industria e a distribución para deixar de facer este tipo de prácticas e que nunca utilicen un produto básico como o leite como produto reclamo tirando os prezos.



PERDAS NA COLLEITA ▶ A maioría das persoas produtoras de faba da comarca da Mariña perderon máis do 80% da colleita deste ano

Solicitamos xuntanza coa Consellería para demandar un plan de apoio ás persoas produtoras de faba

Pedimos que se poña a andar un proxecto de investigación para axudar a combater as enfermidades no cultivo

Comezamos o mes de decembro con malas novas para as produtoras e os produtores de faba, xa que van rematar o ano con perdas de máis do 80% da colleita.

“O problema foron sobre todo as enfermidades do cultivo polas chuvias constantes todo o verán na zona da Mariña, non houbo 3 días seguidos sen que non chovera”, explicou a Secretaria Xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, produtora de faba de Lourenzá. “A humidade e a calor axuda a que proliferen moitas enfermidades, isto fai que os fungos afecten moito máis nun cultivo como a faba”, engadiu.

Neste momento hai unha situación xeneralizada onde a maioría das produtoras e dos produtores de faba teñen menos do 20% da colleita que terían outros anos, é dicir, que se perdeu máis do 80% da colleita.

Solicitud de xuntanza

Dende o Sindicato Labrego Galego solicitamos o pasado 4 de decembro unha xuntanza coa Consellería do Medio Rural para demandar un plan de apoio ás persoas produtoras de faba con axudas específicas, por unha banda, e, tamén, que se poña a andar un proxecto de investigación para axudar a com-



bater as enfermidades do seu cultivo.

“Aínda que se chaman fabas da Lourenzá trátase dunha produción que engloba o territorio da Mariña, de feito estímase que se produce na Galiza o 30% de toda a leguminosa que hai no estado español, e a maioría incluso está na Mariña”, sinalou a Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba. A zona de produción, almacenamento e envasado da faba abarca o territorio da Mariña Luguesa -A Mariña Occidental, A Mariña Central e A Mariña Oriental-, que engloba os concellos de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourol, A Pontenova, Ribadeo, Trabada, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro e Xove. No mercado de Lourenzá vén-dense arredor de 600.000 kg anuais de faba.

A dimensión da problemática

Dende o SLG consideramos que estamos nun momento de inmensa dificultade para esta comarca e que a problemática afecta dunha maneira importante a moitas persoas produtoras e á economía de toda a Mariña, por iso solicitamos con urxencia unha entrevista coa Consellería do Medio Rural para tratar posíbeis solucións.

“Cómpre sacar unha liña de axudas para as produtoras e os produtores ante as perdas, pero tamén é fundamental que se estableza unha liña de traballo para axudalas con toda esta situación de enfermidades que afectan ao cultivo derivando tamén de todos os cambios que está habendo no clima”, sentencio a produtora de faba e Secretaria Xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane.

“Cómpre sacar unha liña de axudas para as produtoras e os produtores ante as perdas, pero tamén é fundamental que se estableza unha liña de traballo para axudalas con toda esta situación de enfermidades que afectan ao cultivo derivando tamén de todos os cambios que está habendo no clima”

TENREIRA GALEGA SUPREMA ▶ A Secretaria Xeral do SLG e o coordinador do sector da carne trataron este decembro co Ministerio a obriga de acortellamento na IXP

Despois da xuntanza mantida co Ministerio o SLG ratifica que as modificacións do prego de condicións de Tenreira Galega Suprema son competencia da Unión Europea

Segundo datos de Ternera Galega, esta modificación expulsa deliberadamente a máis de 750 granxas da IXP que non acortellan

A solicitude do Sindicato Labrego Galego, na mañá do 2 de decembro a Secretaria Xeral do SLG, a gandeira Isabel Vilalba, e o coordinador do sector da carne, Brais Álvarez, reuníronse en Madrid coa Subdirección Xeral de Control da Calidade Alimentaria e Laboratorios Agroalimentarios -dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación- para tratar a modificación do prego de condicións de Tenreira Galega (TG) Suprema que obriga ao acortellamento dos xatos maiores de 8 meses.

Segundo datos da propia IXP Ternera Galega, este cambio expulsa a 750 das granxas que non acortellan das 7.500 granxas rexistradas baixo esta indicación xeográfica protexida, e a un número indeterminado de granxas que poden non dispor de instalacións axeitadas a día de hoxe, ao que cabe engadir que supón rematar coa forma tradicional de cebado de centos de granxas da IXP, implicando asemade unha homoxeneización do produto coa carne producida na IXP baixo o selo da Tenreira Galega Normal.

Como trasladamos na xuntanza mantida, dende o SLG entendemos dito cambio supón unha modificación relevante que implica cambiar as caracte-



rísticas fundamentais da carne, así como da propia paisaxe da zona territorial á que se subscibe a IXP, tratándose xa que logo dunha modificación de certa importancia da que resulta cuestionábel que o AGA-CAL sexa competente para a súa resolución. Este cambio implica, tamén, unha fundamental restrición na comercialización do produto, xa que vai expulsar a máis do 10% das granxas da IXP e, polo tanto, é competencia da Unión Europea (UE) determinar a viabilidade do cambio ou non.

Non á industrialización da IXP TG

A IXP TENREIRA GALEGA xorde a mediados dos 90 co obxectivo de crear unha marca que claramente diferenciara a calidade do cebado tradicional que se facía nas granxas galegas. Este cebado caracterizouse durante décadas precisamente no leite que os becerros bebían de súas nais até os 7 meses de idade e que se suplementaba

con cereais, patacas, herba seca etc.

En determinadas zonas de Galiza este cebado facíase cos xatos acortellados e as súas nais saían diariamente a pastar nos pastos das granxas, se ben existía en amplas zonas de Galiza granxas nas que os xatos nacían nos prados e aos 7 meses eran separados e acortellados para o seu remate, e moitas granxas que directamente cebaban os seus becerros nos pastos e non dispoñían de instalacións. Unha maior profesionalización do sector, así como a suba dos custos de produción, motivou que cada vez máis granxas optaran por facer a finalización dos seus tenreiros directamente nos prados.

Dentro da IXP TG, Tenreira Galega Suprema e Tenreira Galega Normal son dúas categorías ben diferenciadas. A gran diferenza entre ambas é que na Tenreira Galega Suprema englobábanse as case 7.600 granxas de vacas nutrices e a carne dos tenreiros cebados nesta categoría

caracterízanse por mamar na vaca nai até os 7 meses de idade, tempo o que se destetan e fáiselle o acabado para ser sacrificados antes dos 10 meses de idade. Pola súa contra, a Tenreira Galega Normal caracterízase por seren quitados os tenreiros das súas nais e das granxas tradicionais ao pouco de nacer e facerse o seu cebado en cebadoiros industriais.

Antecedentes

No mes de novembro do ano pasado o Pleno da IXP TENREIRA GALEGA aprobou co único voto en contra do representante do Sindicato Labrego Galego (SLG-CCLL), unha modificación para os tenreiros da marca Tenreira Galega Suprema, onde obriga o seu acortellamento a partires dos 7 meses de idade e de non facelo supón a exclusión destes da marca.

Dende o primeiro momento alertamos da grande irresponsabilidade que implica o feito de apoiar ir cara a un modelo de produción intensivo e industrial para a Tenreira Galega Suprema, unha modificación precisamente no sentido contrario dos valores cos que se xerou a marca, e que único que vai provocar é que sigan a desaparecer as granxas familiares que dan vida ao noso medio rural, privlexiando un modelo industrial baseado en cebadoiros, e que pretende facer pasar este sistema cómodo para as macrogranxas como unha produción de calidade diferenciada.

UE-MERCOSUR ▶ Competencia desleal, dumping e debilitamento da protección á saúde e ao medio ambiente, entre os principais prexuízos dos TLC

A alimentación é un dereito, non unha mercadoría! Mobilización estatal contra os TLC fronte ao Ministerio de Agricultura

Esiximos cumprimento dos compromisos adquiridos polo Ministerio a principios de ano en plenas mobilizacións do sector

O 16 de decembro unha delegación do Sindicato Labrego Galego encabezada pola nosa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, participou na concentración convocada ás 12h pola Coordinadora de Organizaciones Agrarias y Ganaderas (COAG) -da que facemos parte a nivel estatal e ca que partillamos espazo na Coordinadora Europea Vía Campesina (CEVC)- e ASAJA, fronte ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en Madrid.

Entre as nosas reivindicacións, salientamos o rexeitamento á sinatura de pre-acordo do tratado de libre comercio (TLC) entre a Unión Europea (UE) e países do Mercosur (Arxentina, Brasil, Paraguai e Uruguai), tamén demandamos a suspensión do xa establecido entre a UE e Marrocos e esiximos a dotación de recursos para unha Política Agraria Común (PAC) que favoreza a transición dos estados membros cara á agroecoloxía, con aspiración a garantir o dereito á soberanía alimentaria dos pobos.

As organizacións que facemos parte da CEVC condenamos a decisión da Comisión Europea e dos líderes do Mercosur de dar por concluídas as negociacións dun acordo de desregulación comercial ao que as organizacións de agricultoras e agricultores e traballadoras e traballadores do agro opoñen



Brais Álvarez, Adolfo Cabarcos, Isabel Vilalba e Xosé Ramón Cendán en Madrid.

monos polo seu impacto social e a negación da necesidade de sistemas alimentarios sostíbeis que representa. Contradí tamén totalmente os compromisos adoptados polos gobernos nacionais destes bloques en materia de loita contra o cambio climático. A proposta acordada privilexia nos dous continentes o modelo agroindustrial en detrimento das pequenas e medianas granxas e a agricultura labrega.

A súa implementación provocaría competencia desleal, dumping e a caída de prezos para os agricultores e agricultoras europeas, ao tempo que suporía enormes problemas sociais e medioambientais nos catro países do Mercosur, en total oposición aos obxectivos do Pacto Verde e as promesas da UE no Diálogo Estratéxico sobre Agricultura. As labregas e os labregos europeos non queremos competir co campesiñado do Mercosur. A nosa responsabilidade é producir alimentos sans para a poboación europea. Demandamos aos Gobernos comunitarios que se sitúen na contra, tanto deste tratado, como deste xeito anti-

democrático de negociar acordos comerciais.

Polo sistema comercial xusto

Consideramos que este tipo de estratexias comerciais supoñen un perigo de saúde pública, dado que moitos dos estándares que hoxe rexén na UE non son os vixentes noutras rexións. De feito, o 37% dos pesticidas empregados neste países do Mercosur serían ilegais na Unión Europea.

Se queremos un sistema comercial xusto que contribúa á xustiza e á paz, o impulso dun modelo agroecolóxico que permita acadar a soberanía alimentaria para os pobos e respectar os dereitos das persoas labregas -recollidos na Declaración dos dereitos dos labregos e das labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais aprobada pola ONU no ano 2018-, debe ser o único marco dos intercambios alimentarios internacionais. Alén de cambios nas políticas agrarias a nivel global, na mobilización que levamos adiante o 16 de decembro organizamos de todo o Estado demandamos tamén un plan de choque ante o incremento con-

tinuado dos custos de produción, con implicación dos ministerios de Agricultura, Traballo, Economía e Facenda, para establecer medidas específicas e de vixilancia dos oligopolios que controlan os insumos do sector agrario, e deste xeito evitar a especulación de prezos e os custos elevados.

Asemade, esiximos o cumprimento das accións de apoio ao sector anunciadas polo Ministerio a principios de ano. “O Ministerio, a raíz das mobilizacións do sector a principios de ano, sacou unha proposta de 43 medidas que practicamente quedaron todas en nada”, advirte Isabel Vilalba. “Moitas supoñían unha flexibilización e unha eliminación de burocracia que eran moi necesarias para o sector, e de xeito moi determinante para as producións ecolóxicas, por exemplo no caso da esixencia de grande maquinaria para os puríns, o caderno de explotación, o veterinario/a de explotación... Vemos que as medidas anunciadas neste sentido estanse pospoñendo, ao tempo que se vai achegando a data na que van entrar en vigor”.

É crucial que o Ministerio se implique en medidas que axuden a paliar os efectos do quecemento global establecendo plans de actuación para previr e paliar as consecuencias tanto das secas como das inundacións, ao tempo que elabora unha estratexia de fondo que permita deseñar un camiño no que a actividade agraria sexa unha ferramenta para coidar os ecosistemas e contribuír positivamente á urxente recuperación medioambiental.

SIMPLIFICACIÓN

- As pequenas Granxas, cuxa superficie agraria declarada na PAC sexa menor ou igual a 10 Has, non estarán sometidas a controis nin se aplicarán penalizacións en relación coas normas da condicionalidade medioambiental ou reforzada.
- O uso de fotografías xeorreferenciadas pasa a ser voluntario, podendo ser empregadas polas labregas, *se así o desexan*, para evitar controis sobre o terreo no caso de requisitos que non poden observarse mediante imaxes satélite, ou como proba cando a titular non se atope conforme cos resultados comunicados en canto a requisitos que si se poden observar mediante satélite (por exemplo os semáforos).
- As labregas realizarán as anotacións requiridas para determinadas axudas asociadas e de ecorreximes no caderno de granxa, que poderá ser en formato papel ou dixital, a elección da titular. Desaparece por tanto a obriga do uso do caderno dixital, polo menos para estas liñas, non sendo así para as anotacións de fitosanitarios e/ou fertilizantes.



www.sindicatolabrego.gal



@LABREGXSdaGALIZA



SindicatoLabregoGalego



@slg_labregxs



@SLG_labregxs

PRINCIPAIS NOVIDADES PARA A SOLICITUDE ÚNICA DA PAC 2025.

CONDICIONALIDADE REFORZADA

Simplifícanse algunhas das Boas Condicións Agrarias e Medioambientais (BCAM) que calquera labrega ten que cumprir para percibir integramente as axudas directas da PAC, os pagos por superficie e as cargas gandeiras.

BCAM 5 | Xestión da labranza para evitar o risco de degradación do solo:

Permítese o laboreo a favor da pendente en

- Parcelas de superficie igual ou inferior a 1 Ha nas Terras de Cultivo e nos Cultivos Leñosos.
- Parcelas irregulares ou alongadas no caso dos Cultivos Leñosos.

BCAM 6 | Cobertura mínima do chan nos períodos máis sensibles:

- Nos cultivos herbáceos de inverno poderanse realizar labrados pouco profundos do solo entre a data de recolección e o 1 de setembro, permitíndose tamén o adubado en verde antes da data de colleita, sempre que se manteña unha cobertura mínima do solo.
- En cultivos leñosos, en parcelas con pendente superior ao 10%, permítese facer uso das cubertas inertes ademais das vexetais no período de mantemento dunha cobertura mínima do solo.
- Nos barbeitos poderanse facer labores agrícolas entre abril e xuño

BCAM7 | Rotación en Terras de Cultivo.

Poderase elixir entre dúas prácticas, rotación ou diversificación dos cultivos

- Rotación: anualmente rotarase un terzo das terras de cultivo da granxa, tendo que rotar todas polo menos unha vez cada tres anos. De acollerse a esta opción, deberase cumprir con esta como mínimo durante tres anos seguidos.
- Diversificación: farase unha diversificación de cultivos de xeito anual, ao xeito do que se facía co antigo pago verde.

BCAM8 | Mantemento de superficies e elementos non produtivos.

- Elimínase a obriga de ter que destinar unha porcentaxe da superficie a superficies ou elementos non produtivos e mantense a obriga de manter os elementos da paisaxe e a prohibición de cortar sebes e árbores non cultivadas no período de cría e reprodución de aves.

ECORREXIMES

Pastos:

Pastoreo Extensivo: poderase reducir a carga gandeira até un mínimo de 0,2 UGM/Ha de forma permanente para todo o período PAC, se se dan certas condicións de carácter estrutural ou de forma coxuntural para unha única campaña, se se xustifica en resposta a certos escenarios circunstanciais. Sempre a criterio da autoridade competente (Xunta).

Sega Sostible: Amplíase o período onde elixir a limitación da sega entre maio e setembro e redúcese a limitación no número de cortes logo deste período.

Illas de biodiversidade en Pastos: redución do 7% ao 4% de superficie que se debe destinar ao establecemento de illas de biodiversidade.

Espazos de Biodiversidade

Permítese o establecemento de franxas de biodiversidade entre liñas de cultivo cun coeficiente de ponderación de 2, ao igual que nas marxes de biodiversidade e as illas, nas que se equipara este coeficiente. Permítese o establecemento de zonas de non colleitado de leguminosas.


Cubertas en Cultivos Leñosos

De forma xeral permitirase elixir o método de mantemento da cuberta vexetal entre mecánico e/ou mediante gando.

Inclúese o caso da inversión de flora como excepción para o emprego de fitosanitarios e a posibilidade de combinar as prácticas de cubertas.

No caso de secaños e secaños áridos permitirase, ademais, o establecemento de cubertas, tanto vivas como inertes, en rúas alternas, eliminando o requisito de que a cuberta deba permanecer viva nun determinado período de tempo, permitindo tamén a realización de labores verticais pouco profundas entre abril e setembro e reducir a ocupación da cuberta durante o período estival a un 20% da anchura libre da proxección de copa.

Infórmate no teu local de referencia !



O TEU SEGURO DA VIÑA NO SINDICATO LABREGO GALEGO

Subvención do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a través da Entidad Estatal de Seguros Agrarios, O.A. (ENESA)

As viñas que estean inscritas nos Rexistros Vitícolas teñen dereito a contratar un seguro para viña que protexa a súa produción e plantación ante riscos como por exemplo **pedrazo e xeadas, fauna silvestre, inundación ou chuvias persistentes, incendio, vento afuracanado ou murcha fisiolóxica**.

Podemos contratar: **outono entre o 1 de novembro e o 20 de decembro ou en primavera entre o 15 de xaneiro até abril**.

Como se realiza este seguro?

No SLG revisaremos as túas parcelas e comprobaremos as referencias SIXPAC, variedades en produción, consultaremosche a produción por parcela. Elaboraremos este seguro de forma persoal e coidada para ofrecer a póliza máis axustada posible á realidade do teu proxecto vitivinícola.

Realizamos os trámites que correspondan coa túa produción mediante a **subvención do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación a través da Entidad Estatal de Seguros Agrarios, O.A. (ENESA)**.

Que modalidades de seguro de viña hai?

A trazos xerais podemos dividilo en dous períodos de contratación seguro de outono ou seguro de primavera.

O SEGURO DE OUTONO.

Entre o 1 de novembro de 2024 e o 20 de decembro de 2024.

Ten máis rango de coberturas e pode ser dun custe maior que a contratación en primavera. De todos os xeitos tamén é un seguro máis subvencionable polo que a diferenza pode non ser moi significativa e gozaremos dunha maior protección.

Incluindo todas as coberturas **pedrazo e xeadas, fauna silvestre, inundación ou chuvias persistentes, incendio, vento afuracanado ou murcha fisiolóxica**. E tamén todas as adversidades climáticas posibles a maiores (como pode ser a seca ou o golpe de calor).

O SEGURO DE PRIMAVERA.

-Con xeadas e murcha fisiolóxica: Entre o 15 de xaneiro de 2025 e o 25 de marzo de 2025.

Neste seguro a nosa cobertura comezará despois do momento da contratación e a superación do período de carencia (seis días para novas pólizas e desde o día seguinte da contratación para persoas que xa contratasen anteriormente).

Nesta liña teríamos cubertas as garantías completas **pedrazo e xeadas, fauna silvestre, inundación ou chuvias persistentes, incendio, vento afuracanado ou murcha fisiolóxica**. Só non teríamos cubertas as adversidades climáticas posibles a maiores (como pode ser a seca ou o golpe de calor).

-Sen xeadas e murcha fisiolóxica: Entre o 25 de marzo e o 30 de abril de 2025.

Neste período quedarían excluídas a xeadas e a murcha fisiolóxica.

Que pasa se teño un sinistro?

No Sindicato Labrego estaremos acompañándote en todo o proceso e manteremos contacto contigo, as persoas que periten e Agroseguro para asegurarnos que todo se resolve de maneira adecuada a maior brevidade posible.

Por que tramitar o seguro da túa viña no Sindicato Labrego Galego?

No Sindicato Labrego entendemos os seguros das túas vides como un servizo máis que proporcionamos a nosa afiliación e persoas produtoras de alimentos, neste caso para protexer a viabilidade das granxas e proxectos labregos.

O SLG non é unha compañía comercial, no noso modelo procuramos adaptar o seguro as túas necesidades, ofrecendo un servizo e atención especializada, solicitando todas as subvencións que vos correspondan para que pagues un menor prezo e intentando que non pagues coberturas ou prezos inadecuados ou tampouco infraseguros que non protexan a vosa produción.

Por último, no SLG contamos con persoal experto na materia, con longa experiencia no asesoramento en seguro de viñedos, tanto na túa comarca como a nivel galego, realizará con mimo un estudo que se adapte as túas necesidades de forma gratuíta.

FINANCIADO POR



Voltar aos comúns: A importancia dos espazos colaborativos de transformación agroalimentaria

Dende hai ben anos o Sindicato Labrego Galego está traballando na adaptación de normativas hixiénico sanitarias que se adapten á realidade labrega, intentando que se apliquen os criterios de flexibilización do paquete hixiénico sanitario do marco europeo. O Estado español segue á cola na adaptación destes criterios, aínda que se foron dando pequenos pasos nalgúns sectores.

O Boletín Oficial do Estado publicaba o Real Decreto 1086/2020, no que se regulaban e flexibilizaban as condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene da produción e comercialización dos produtos alimenticios excluídos no seu ámbito de aplicación, que as pequenas producións labregas levábamnos esperando dende hai máis de 15 anos, despois de que entrar en vigor a actual normativa sanitaria europea, que fixo posíbel que en moitos territorios da Unión Europea se flexibilizaran estas medidas para as pequenas granxas ou producións labregas, podendo ofrecer produtos transformados dun xeito regulado máis flexíbel e adaptados á realidade labrega, pero este Real Decreto aínda segue sen aplicarse porque en moitos territorios as comunidades autónomas non están a facer o seu traballo e o seu éxito está a ser escaso 4 anos despois da publicación oficial.

Aínda así son algúns os proxectos que están a agromar en diferentes territorios do Estado, e tivemos a ocasión de coñecer dous deles con modelos realmente inspiradores e facilmente aplicábeis nalgúns lugares do territorio galego, e os dous con varios elementos en común, pero o máis importante, que é o de voltar a traballar en comunidade. O pasado 11 decembro tivemos unha pequena xornada en liña onde puidemos coñecer dous proxectos de matadoiros públicos de xestión colectiva: o proxecto Kalaska e o Escorxador de L'Armentera.

KALASKA, cooperativa público-comunitaria promovida por persoas gandeiras de Sakana

Esta cooperativa creada en 2022 en Sakana (Nafarroa), ten unha xestión colectiva das infraestruturas e dos recursos necesarios para a transformación da carne local.

Elas cooperan pola necesidade de impulsar un modelo de gandeiría e consumo sustentábel, de tránsito cara a un modelo de Soberanía Alimentaria no territorio, pola necesidade de incentivar os proxectos gandeiros, para facilitar a formación e a comercialización e, en definitiva, cooperan para crear as condicións favorábeis para manter un sector vivo, con novas instalacións adaptadas e poder garantir dalgún xeito o relevo xeracional. Kalaska está situado no concello de Etxarri Aranatz e este fixo unha cesión á cooperativa do seu matadoiro de pequena capacidade e sala de despece e zona tripería, co que ampliaron as instalacións en 2021.

Neste matadoiro realizan sacrificio de vacún, ovino, caprino e equino podendo realizar tamén o despece nesta infraestrutura, facendo o sacrificio só 2 días á semana. Actualmente ten 13 socias, nas que estarían 6 proxectos gandeiros, 1 espazo TEST agrario, 3 matorifes, a axencia de desenvolvemento de Sakana e o propio concello de Etxarri Aranatz, estando este servizo aberto e accesíbel a toda a cidadanía.

ESCORXADOR DE L'ARMENTERA, o matadoiro como obrador estratéxico

Este escorxador, ou matadoiro, é un dos poucos matadoiros municipais que quedan en activo en Catalunya e teñen un grande valor sectorial, xa que é un elemento clave na cadea de valor dos produtos alimentarios locais e artesanais, ofrecendo un servizo indispensable a carnicerías e pequenos proxectos gandeiros da provincia de Girona e da Catalunya nord, permitindo o sacrificio de granxas próximas coas que se repercute no benestar animal, na comercialización local e en definitiva na economía territorial.

Este, ao igual que o matadoiro de Kalaska, é un matadoiro de baixa capacidade con máis de 50 anos de historia, realizando sacrificio de porcino e ovino principalmente pero tamén de bovino en menor medida. Ofrece un servizo de matanza a carnicerías locais e a gandeiras e gandeiros que realizan venda directa.

No ano 2020, dada a situación deste espazo de grave crise de viabilidade das infraestruturas, decídese realizar unha transición consolidando a viabilidade e buscando un modelo de xestión para este pequeno obradoiro colectivo, mellorando as instalacións existentes e as liñas de matanza, concentrando as matanzas en días determinados para mellorar a eficiencia e a viabilidade económica, e algo ben importante, buscando un modelo de gobernanza innovador que permita dar resposta aos restos que tiña este obradoiro colectivo.

As socias usuarias son tanto carnicerías con persoas gandeiras e estas teñen equilibrio en votos, tendo tamén socias colaboradoras que son entidades locais, sociais, particulares, consumidoras e empresas que apoiaron a iniciativa, tendo estas tamén voz e voto. Sen dúbida algo fundamental neste escorxador foi que a administración finalmente apostou para axudar a manter os poucos matadoiros de baixa capacidade que quedaban, financiando grande parte dos novos equipamentos, e deste xeito, axudando a manter vivo o medio rural.

En conclusión:

- 1) Precisamos implicar á administración pública nestes espazos, que axudaría facer viábeis estes proxectos colectivos que tanto aportan aos territorios.
- 2) Os obradoiros compartidos son unha infraestrutura fundamental para a agricultura e a gandeiría local, para garantir a viabilidade económica, agroecolóxica e social dos proxectos labregos.
- 3) Os matadoiros locais de pequena capacidade son necesarios para pechar a cadea de valor dos e das gandeiras locais, reducindo tempo de transporte que representa tamén unha mellora no benestar animal e da calidade dos canais.
- 4) Precisamos traballar conxuntamente en modelos de gobernanza innovadores para estes espazos de transformación agroalimentaria e cunha clara implicación territorial a diferentes niveis.
- 5) Os espazos compartidos desta índole son axentes innovadores e de dinamización local en si mesmos e son espazos que garanten a Soberanía Alimentaria nos nosos territorios.

LEI DE ACOMPAÑAMENTO ▶ O PPdG leva dende hai anos modificando lexislación para favorecer a explotación de bens comúns por empresas privadas

Lei de Acompañamento: roubar dereitos á cidadanía para outorgar privilexios ás empresas extractivas

Entre outros aspectos, reduce a participación cidadá en cuestións de máxima actualidade no noso país

Na mañá do 18 de novembro a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG, Margarida Prieto, acompañada por Brais Álvarez, da Executiva Nacional do SLG; Xosé Pérez do servizo xurídico do SLG e Xosé Ramón Cendán (asesor da Executiva Nacional do SLG), trasladaron en rolda de prensa en Compostela unha análise da proposta de Lei de Acompañamento que aprobada pola Xunta e que, entre outros aspectos, reduce a participación cidadá en cuestións de máxima actualidade no noso país, como a oposición social á invasión de proxectos industriais e contaminantes espoliadores de recursos naturais no noso medio rural: eólicos, minas, celulosas.

Superficie agraria útil

En primeiro termo cómpre lembrar que Galiza ten a menor superficie agraria útil (SAU) de todo o Estado -só un 21%, fronte á media estatal do 45,8%- , polo que é especialmente importante non só evitar agrandar esta carencia, senón tamén facilitar que poda ser ampliada esta porcentaxe, acadando polo menos un terzo de SAU. Con todo, os cambios introducidos nesta Lei van no sentido totalmente contrario, favorecendo mesmo que terreos que a día de hoxe son agrarios podan ter outro tipo de usos en función do que decida a Administración nese momento, relegando unha cuestión tan



sensíbel como é a produción de alimentos e, nomeadamente, a nosa soberanía alimentaria, a un segundo plano.

É necesario que se reflicta expresamente no texto que se salve a protección para uso agrícola e gandeiro dos terreos que teñan aptitude produtiva ou vocación agrícola. Igualmente, no medio rural, en todas as agrupacións de casas ou núcleos, as masas forestais non deberían achegarse a menos de 500 metros. Estes 500 metros deben dedicarse a cultivos agrícolas e forraxeiros, froiteiras, e outros cultivos para a alimentación humana. Pode haber árbores caducifolias soltas, sempre que non se trate de masas forestais, particularmente de especies que sexan susceptibles de axudar a espallar o lume.

Vivir no rural

Canda a protección de terras agrarias cómpre tamén habilitar medidas que permitan que as persoas produtoras de alimentos se poidan instalar no medio rural. Entendemos que tamén debería facerse un Plan especial con normativa específica para rehabilitar todas as vivendas abandonadas en núcleo

rural e solo rústico/agrario, conminando as propietarias e os propietarios a que as rehabiliten e se lles poida subvencionar co acordo de poñelas a disposición das persoas demandantes a prezos accesíbeis ou establecer os mecanismos para que pasen a formar parte do patrimonio da Xunta e ofertalas a prezo alcanzábel, con especial atención a mozas e mozos que se queiran instalar na zona, e priorizando aqueles que se incorporen a actividades agrícolas e gandeiras ou os servizos esenciais para estas actividades e persoas que residen na zona.

Porén, a Lei en absoluto ten en conta medidas destinadas a manter un medio rural vivo. Lexislación aplicábel a cuestións tan significativas como a estrutura territorial agraria galega, política industrial, biotecnoloxía, vivenda e infraestruturas, minaría, patrimonio natural e cultural, polígonos industriais eólicos, montes, así como medidas excepcionais para adxudicar territorio a proxectos industriais son fortemente modificadas a través desta Lei de medidas fiscais e administrativas sen que teña existido un proceso participativo corres-

pondente co calado que teñen estas modificacións. Estes cambios teñen a pretensión de liberalizar moitas das restricións ou trámites existentes, pero de xeito tan ambiguo que non se concreta o modo en que se van desenvolver.

Prácticas abusivas

“A Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos da Xunta para 2025, unha vez máis cambia pola porta de atrás normativas sectoriais moi importantes que teñen un impacto no noso rural de moito calado, exemplos como a normativa en materia de minaría, eólica, forestal, ordenación do territorio, política social, etc.”, situou Margarida Prieto Ledo.

“O goberno do Partido Popular continua nestes presupostos nunha carreira por facilitar as grandes empresas a súa implantación en calquera parte do territorio, tratando de eludir as proteccións que poidan existir respecto de diferentes elementos da natureza, o patrimonio, etc. En resumo: impondo que prácticas abusivas das empresas que a día de hoxe son ilegais, se convertan en legais”.

Dende o Sindicato Labrego Galego denunciámos o forte carácter antidemocrático evidenciado polo Partido Popular de Galicia na intencionalidade de aproveitar a súa maioría parlamentaria para modificar cuestións de base que rexen na actualidade os marcos de relación que deben respectar as empresas que queren desenvolver proxectos industriais no noso territorio. Modificacións lexislativas desta transcendencia deben estar lexitimadas pola participación pública. Non obstante, os cambios operados por esta Lei non contan cos informes dos organismos onde a cidadanía está representada, tales como o Consello Económico e Social (CES), o Consello Galego de Benestar Social (CGBS), ou o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento (COGAMADS), entre outros.

Por outra banda, en materia de biotecnoloxía, dende o SLG insistimos na necesidade de respectar o principio de precaución e, en todo caso, que as actuacións nesta materia teñan lugar dotando aos centros de investigación públicos de medios abondo para poder facer este traballo cas fincas labregas, especialmente de cara a desenvolver medidas fronte á emerxencia climática. Ademais, xa no plano formal, esta lei transversal -que semella ter sido concibida como unha estratexia para impulsar o lucro empresarial en distintos ámbitos gobernamentais cun só movemento lexislativo- crea confusión e caos en todas as áreas lexislativas, ao modificar articulado por separado en lugar de darse unha modificación da norma no seu conxunto e, polo tanto, un debate.



Rexeitamos a tentativa da Xunta de expulsar do Consello Mineiro as organizacións sociais

O Sindicato Labrego Galego rexeita a decisión unilateral da Xunta de Galicia de excluír as organizacións de defensa da natureza e das comunidades de montes veciñais do Consello da Minería de Galicia, do que forman parte dende que o órgano foi establecido en 2008 mediante a Lei 3/2008 de Ordenación da Minaría de Galicia. Se ben a lei actualmente en vigor garante a presenza destas organizacións no principal órgano de participación, consulta e asesoramento en materia de minas, a Xunta, mediante nova Lei de medidas fiscais e administrativas da Xunta que se tramita no Parlamento, pretende expulsalas definitivamente e de xeito subrepticio.

Esta medida supón un atropelo ao dereito da sociedade civil de estar informada e participar nas decisións relativas a un sector cuxas actividades supoñen un impacto innegábel sobre os ecosistemas e a saúde das persoas. Consideramos que se trata ademais dunha medida ilegal, pois contravén a Convención de Aarhus que regula os dereitos de participación en materia ambiental e o principio de non regresividade en relación aos dereitos ambientais adquiridos. A expulsión dos colectivos ambientais e das comunidades de montes veciñais dun órgano consultivo do que forman parte por lei supón unha medida sen precedentes na historia da administración autonómica, e parte dunha estratexia orquestrada de marxinalización e deslexitimación destes colectivos, que xa ficou patente na a “Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galicia 2030” aprobada hai un ano pola Xunta.

Naquel documento a Administración refería repetidamente o “ecoloxismo radical” e o “forte activismo das asociacións ecoloxistas” como “ameaza”, mentres se critica a existencia dunha “mobilización social promovida por grupos con intereses moi distintos aos intereses locais e do entorno”, en alusión aos colectivos sociais e veciñais opostos a determinados proxectos ambientalmente nocivos como as minas de Touro, San Finx, Muras, Penouta ou Doade. É notorio, ademais, o momento en que se toma esta decisión, 16 anos despois da entrada en vigor da lei de ordenación da minaría, pois a tentativa de expulsión prodúcese cando o Consello da Minaría deberá informar

o Plan sectorial de actividades extractivas que pretende impulsar a Xunta e cando se anunciou un concurso de dereitos mineiros sen precedentes por todo o territorio galego.

De feito, o proxecto de lei inicialmente presentado non afectaba á composición de dito órgano, o que evidencia a intervención do propio lobby mineiro para excluír as entidades ecoloxistas e de montes veciñais, cando a lóxica democrática apunta precisamente á pertinencia de que o Consello da Minaría se abra á sociedade, incluíndo outros colectivos como as confrarías, organizacións agrarias e plataformas de afectadas, e ser o máis diverso e plural posíbel.

Reunión cos grupos parlamentares do BNG e PSdG

O Sindicato Labrego Galego e outras organizacións sociais solicitaron o 22 de novembro reunións con todos os grupos do Parlamento. En representación destas organizacións sociais, o 27 de novembro, a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG, Margarida Prieto e o responsábel de Greenpeace Galicia, Manuel Santos, mantiveron xuntanzas con representantes dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego (BNG) e Partido Socialista de Galicia (PSdG) para trasladar a preocupación por este grave ataque aos dereitos de participación social en materia mineira. O Partido Popular (PPdG) nin sequera respondeu á solicitude de reunión.

Prieto e Santos solicitaron que, máis alá de levar adiante as xestións precisas para eliminar esta modificación da Lei de Acompañamento sexan presentadas iniciativas encamiñadas a preservar e reforzar a representación da sociedade civil nos órganos de goberno contemplados a tal efecto. Tamén pediron a ambas formacións que realicen traballo a nivel europeo a través dos seus respectivos eurodeputados e eurodeputadas, ante a posibilidade de que exista vulneración do Convenio de Aarhus sobre acceso á información, participación pública na toma de decisións e acceso á xustiza en materia de medio ambiente, así como da normativa comunitaria derivada do mesmo.

A Xunta vai entorpecer e dilatar, unha vez máis, a atención á dependencia



A Confederación Intersindical Galega (CIG), o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (CCOO), o Colexio oficial de Traballo Social de Galicia (COTS) e o Sindicato Labrego Galego (SLG-CCLL), organizacións que fan parte do Consello Galego de Benestar Social (CGBS) e no que levan anos denunciando as malas prácticas da Xunta de Galicia no funcionamento do dito órgano consultivo, denunciaremos en rolda de prensa o 19 de novembro outra máis, agochada na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña ao Proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia para 2025. O Goberno galego utiliza unha “lei ómnibus” para cambiar pola porta de atrás leis e normas moi importantes para a vida dos galegos e das galegas como son as que nos ocupan: a Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e o Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia.

Galiza é a comunidade autónoma, segundo os datos do Imsero a 30 de outubro deste ano, que ten menos solicitudes por persoa potencialmente dependente. Dito doutro xeito, de cada 100 persoas potencialmente dependentes en Galiza só hai 18 solicitudes, a cifra máis baixa do Estado, moi lonxe de Andalucía con 41 ou Castela-León con 39. A falta de medios humanos e as continuas modificacións na normativa van na liña contraria de incrementar e mellorar a atención ás persoas dependentes. Por iso, rexeitamos a inclusión dunha nova modificación da norma que se fai, por riba, pola porta de atrás no debate dos orzamentos para furtar a democrática participación da cidadanía tanto directamente, pois non se dá publicidade á tramitación nin se poden facer achegas en fase de exposición, como nos ámbitos onde a sociedade está representada como o Parlamento ou o CGBS.

A modificación normativa busca unificar os procedementos de recoñecemento da situación de dependencia e do recoñecemento do grao de discapacidade, posibilitando tramitar e resolver ambos de xeito conxunto, recortando inversión en persoal, eliminando persoal especializado de Traballo Social e sobrecargando, unha vez máis, os Servizos Sociais Comunitarios. Isto provoca, ao o noso entender, as seguintes cuestións que consideramos problemáticas:

- Que a solicitude para o recoñecemento da situación de dependencia poida solicitarse nun único procedemento co recoñecemento do grao de discapacidade.
- Que a asistencia para cumprimentar e presentar a solicitude deberá recaer no persoal das Administracións Públicas que xa teñen esta función encomendada en calquera outro procedemento administrativo.
- Que a tramitación prioritaria nos casos de emerxencia social non teña en conta valoración social realizada por un ou unha profesional do Traballo Social mediante a elaboración dun Informe social motivado.
- Que a aplicación do baremo debe ser unha función exclusiva dos Servizos Sociais Especializados e, concretamente, dos Equipos Técnicos de Valoración, que deben ser reforzados e non sobrecargar ás profesionais de Servizos Sociais Comunitarios.
- Que non se concreta a titulación requirida dos e das profesionais que conformarán os Equipos de Valoración, en contra do regulado na actualidade.
- Que o único informe que pode valorar a situación de dependencia ou discapacidade é o Informe Social elaborado por profesionais do Traballo Social, non informes emitidos por Servizos sociais como se referencia na norma.
- Que o Programa Individual de Atención debe ter en conta as expectativas ou necesidades da persoa interesada e a valoración realizada polas profesionais do Traballo Social nas súas intervencións. Do mesmo xeito, debe quedar garantido o carácter prioritario dos Servizos fronte as libranzas.

Cuestións coma estas, relacionadas coa a atención a dependencia, vimos denunciándoas de xeito habitual nas reunións do CGBS e facendo propostas para a súa mellora. Dende hai anos vimos solicitado de maneira reiterada, a necesidade da crear un grupo de traballo para analizar a situación na que se atopa o Sistema de Atención á Dependencia en Galiza, para poder compartir os problemas detectados dende os distintos ámbitos nos que traballamos e facer achegas para melloralo.

CIG, CCOO, COTS e SLG piden a comparecencia de Fabiola García nun pleno urxente do Consello Galego de Benestar Social

As organizacións CIG, CCOO, Colexio Oficial de Traballo Social e SLG-CCLL rexistraron o 26 de novembro un escrito solicitando a comparecencia da conselleira de Política Social, Fabiola García, nun pleno urxente do Consello Galego de Benestar Social. Entenden que as modificacións recollidas na Lei de acompañamento do proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2025, así como as emendas á mesma, teñen implicacións sobre o procedemento de recoñecemento das situacións de dependencia e discapacidade, así como nas funcións deste Consello.

As organizacións levan anos denunciando as malas prácticas da Xunta de Galicia canto ao funcionamento do Consello Galego de Benestar Social. Agora poñen o foco na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña ao proxecto de orzamentos autonómicos. Denuncian que, unha vez máis, o Goberno galego utiliza unha ‘lei ómnibus’ para cambiar pola porta de atrás leis e normas moi importantes para a vida dos galegos e das galegas. Neste caso, a Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e o Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia.

Non mires á balsa de ALCOA

por Iván Rodríguez Lombardero
Xeólogo ambiental

O pasado 11 de outubro a Xunta de Galicia publicou unha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) favorable para o recrecemento da balsa de lodos vermellos de Alcoa. Unha DIA “singular”, como denuncian ADEGA, Ecoloxistas ou Petón do Lobo, que no seu primeiro apartado inclúe un texto literal que deixo ao seu xuízo:

“A avaliación non inclúe os aspectos de seguridade das instalacións, estabilidade xeotécnica, de seguridade e saúde no traballo, de minería, estradas e outros que posúan normativa reguladora e instrumentos específicos e se atopan fóra do alcance da avaliación ambiental, nin todo aquilo que se atopa fóra das cotas (100msnm-104msnm) nas que se pretende a execución do proxecto, nin das canleiras ou zonas de extracción de áridos e pedra, nin os que se deriven da caracterización dos barros a depositar nin dos plans de emerxencias interiores e exteriores.”

É dicir, que adiante. Non temos claro se caerá todo, se vai ser seguro para o persoal, se se vai restaurar ou non, se os viais van ser empregados de acordo coa norma, pero polo tema “ambiental”, adiante. Semella que as asinantes non queren a responsabilidade de aprobar por urxencias políticas un proxecto con tantos aspectos pendentes de aclaración. Un exemplo: durante o trámite ambiental o departamento de Saúde Pública caracterizou os lodos como irritantes e corrosivos, e polo tanto perigosos, o que podería modificar os informes previamente remitidos polos restantes departamentos consultados...

Pese a resolución favorábel, abundan no texto as condicionais e as dúbidas, entre as cales a unha semana da catástrofe da DINA en Valencia debemos salientar este parágrafo sobre o informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

“Revisada a documentación en relación coa avaliación dos efectos derivados da vulnerabilidade do proxecto ante riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no proxecto, se estima que son elevados, e polo tanto o promotor do proxecto ten que modificar o Plan de Emerxencia Interior para adaptarse ás novas características do depósito, que será o documento de referencia para a actualización e revisión do Plan de Emerxencia Exterior”.

Adiante, pese ao elevado risco. Cal é o risco dunha balsa de lodos? A licuefacción



Imaxe: El Progreso. Balsa de lodos vermellos procedentes da planta de Alúmina. ÁLVEZ

“Como xeólogo teño claro que se non se desmonta antes a balsa de lodos vermellos vai caer antes ou despois, senón é por un evento catastrófico hoxe será pola falla de mantemento despois de pechar Alcoa ou -o máis frecuente- por unha mestura de ámbalas dúas cousas: un evento excepcional tras un mantemento deficiente”

dos mesmos debido a fortes precipitacións, que poidan converter a terra en lama e provocar a caída dese depósito de 100 metros de altura (33 pisos!!). Agarrarémonos neste momento de crise climática -onde está a suceder seguido o nunca antes visto- ao “malo será que chova tanto, verdade”? Pois si, agarrámonos. Adiante.

Como xeólogo teño claro que se non se desmonta antes a balsa de lodos vermellos vai caer antes ou despois, senón é por un evento catastrófico hoxe será pola falla de mantemento despois de pechar Alcoa ou -o

máis frecuente- por unha mestura de ámbalas dúas cousas: un evento excepcional tras un mantemento deficiente. E aquí pasamos a outro interesante debate aberto neste caso pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, que informa:

“O proxecto non ten en conta no deseño un sistema que sexa independente dun mantemento activo sine die para garantir a ausencia de impactos unha vez clausurado e abandonada a actividade e o seguimento” e estima que “debe incorporar un deseño que garanta que os impactos, ordinarios ou accidentais, ao longo do tempo, non teñan posibilidade de acontecer, xerando un sistema que non sexa dependente de actuacións antrópicas de maneira indefinida para a súa viabilidade”.

O Rei Espido, finalmente! Recoñece que se dá vía libre a un proxecto que requirirá dun mantemento permanente durante séculos sen concretar quen vai asumilo (un custe que se cadra suporía a inviabilidade económica da factoría). Quen pagará esa factura sine die? Como garantir o seu cobro? Estamos a telo en conta cando falamos do beneficio de ter ALCOA na nosa comarca? Mais... ningún problema! A propia DIA resolve o asunto coa encarga de presentar un proxecto de clausura e restauración definitiva da balsa... (Pero hoxe non: mañá!)

“Fase de abandono da actividade: Remitiase ao órgano substantivo, no prazo de un (1) ano previa a finalización da vida útil das instalacións o proxecto de selado, clausura e rehabilitación das mesmas xunto co pertinente EsIA.”

En fin, que xa buscaremos a tixola cando rompamos os ovos. Adiante cun proxecto sen garantía de estabilidade nin seguridade nin plan de restauración nin plan de emerxencia. Unha decisión política da que o propio persoal técnico non semella querer responsabilizarse mentres todas cruzamos os dedos porque non pase nada. Seguimos sen querer mirar arriba, pero debéramos mirar cando menos a Valencia.

Análise elaborada por Iván Rodríguez Lombardero, coordinador do SLG en Lourenzá (A Mariña, Lugo). Xeólogo ambiental, doutor pola Universidade Politécnica de Madrid (E.T.S. de Enxeñeiros de Montes), especialista en avaliación ambiental de actividades e planificación física.

MINAS ▶ O TSXG vinculou á Consellería de Economía, Industria e Innovación con ilegalidades que favoreceron á empresa mineira

Solicitamos á Fiscalía que investigue posíbeis casos de prevaricación na xestión administrativa da mina San Acisclo (Muras)

A Fundación Montescola e o Sindicato Labrego Galego presentaron o pasado 11 de novembro unha comunicación á Fiscalía solicitando a investigación de posíbeis casos de prevaricación na tramitación da transmisión das concesións e na aprobación do proxecto de explotación da Mina San Acisclo do grupo Urbas no concello de Muras, que de seren confirmadas poden ser constitutivas de infraccións penais.

No mes de setembro, logo dunha intensa loita levada adiante pola veciñanza e organizacións sociais, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) procedeu a anular a autorización mineira outorgada á empresa promotora, Materiales Cerámicos Materias Primas, S.L., por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación. No seu contundente fallo xudicial, o TSXG confirmou que a Consellaría non só “ignorou todas as anomalías que

xa constaban -merecedoras da paralización dese procedemento para incoar un de caducidade-”, senón que tampouco someteu o proxecto á preceptiva avaliación ambiental estratéxica ordinaria. O Tribunal concluíu textualmente: “Esta anómala actuación autonómica non resulta en modo algún compatíbel co claro mandato que ás administracións públicas impón o artigo 103.1 da Constitución Española de suxeitar as súas actuacións a lei e o dereito, o que neste caso se vulnerou de forma flagrante por parte da Consellería de Industria”.

Esta sentenza puxo polo tanto en evidencia o cúmulo de ilegalidades no que incorreu o procedemento -e que vimos denunciando dende o ano 2020, cando tivemos coñecemento deste proxecto a través dos medios de comunicación-, se ben non se pronunciou sobre as responsabilidades penais, por tratarse dun recurso contencioso-administrativo.

MINAS ▶ A fin de dinamizar a participación da cidadanía, dende o SLG facilitamos como punto de entrega de alegacións os nosos locais en toda Galiza (prazo aberto até o día 31 de xaneiro)

Impedir a participación social no Consello da Minaría e tramitación privilexiada para a empresa Cobre San Rafael/Atalaya Mining: denunciaremos a estratexia de lowfare da Xunta de Galicia



Apenas uns días despois de denunciarmos canda outras organizacións sociais a tentativa da Xunta de Galicia de excluír as organizacións de defensa da natureza e das comunidades de montes veciñais do Consello da Minería de Galicia -do que forman parte desde que o órgano foi establecido en 2008 mediante a Lei 3/2008 de Ordenación da Minaría de Galicia- coa intención de limitar os dereitos da poboación do medio rural a opoñerse á imposición de industrias nocivas para a súa saúde e a do medio ambiente, as sospeitas de conivencia da Administración galega con determinadas empresas extractivas ficaron reforzadas coa publicación no DOG o pasado 22 de novembro dunha nova tentativa de tramitación da perigosa mina que a polémica empresa Cobre San Rafael/Atalaya Mining pretende explotar no concello de Touro (A Coruña).

Esta mina de cobre, á que a Xunta agasallou coa estratéxica catalogación de PIE para rebaixar os requisitos medioambientais e acelerar a súa tramitación, funcionou entre 1974 e 1987, abandonouse sen restaurar e agora é empregada para procesar e verter residuos. Foi responsábel da inxección de metais pesados ao sistema fluvial do Ulla e á Ría de Arousa, e a día de hoxe os episodios de contaminación seguen a ser recorrentes e ben visíbeis. A estas malas praxes cómpre engadir a de facer presión na veciñanza ameazando con expropiarlle as terras, da cal dimos conta en outubro.

“A propia necesidade da Xunta de modificar constantemente lexislación ten que ver, por unha banda, coa depredación de recursos naturais e, por outra, con dificultar que a poboación poida defenderse desta violencia estrutural, evidenciando unha moi preocupante posición antidemocrática, moi lonxe das responsabilidades de protección e servizo social que competen a unha administración pública”, incidiu a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG-CCLL, Margarida Prieto Ledo. Hai precisamente menos dun ano máis dun cento de entidades ecoloxistas, veciñais, sindicais, agrarias e do mar solicitamos a retirada da “Axenda de Impulso da Minaría Sostible de Galicia 2030” por vulnerar os principios de neutralidade e obxectividade da administración, sendo absolutamente tendencioso, e xa daquela denunciaremos a estratexia da Xunta esgrimir o ‘lawfare’ contra as organizacións sociais, un termo que podemos traducir como “guerra a través da lexislación”.

DEPREDACIÓN ▶ O Sindicato Labrego foi unha das máis de 120 entidades sociais que apoiaron a VI manifestación nacional contra a invasión de proxectos industriais

O pobo galego unido contra a depredación enerxética

A cidadanía amosou nas rúas a súa oposición á estratexia do PPdG de “legalizar” a destrución da nosa terra

O Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas foi unha das máis de 120 organizacións, asociacións e entidades sociais que apoiaron a sexta manifestación nacional “O pobo galego unido contra a depredación enerxética”, convocada pola coordinadora local Afiando o Vento na cidade de Ourense o domingo 24 de novembro.

O SLG vén apoiando esta sinerxía de traballo conxunto da poboación rural e urbana baixo a máxima “as cidades e o rural xuntas contra o capital” dende a convocatoria da primeira mobilización na Coruña en setembro do 2022; en Vigo, Lugo e Ferrol no 2023 e Pontevedra e Ourense no 2024, e confiamos en que esta forza conxunta nos permita seguir avanzando en distintos planos de loita para

pór coto a un Goberno, o da Xunta de Galicia, que está a legislar na contra da súa propia poboación.

A xustiza danos a razón

Na Galiza levamos anos alertando do abominable estrago absoluto do medio rural que suporía o cumprimento dos polígonos industriais eólicos, fotovoltaicos, minas, fábricas de celulosa e ampliacións de balsas contaminantes que o Partido Popular de Galicia e empresas afíns pretenden impoñer no noso territorio. A xustiza danos a razón: as sentenzas xudiciais alertando da ilegalidade dos polígonos industriais eólicos cóntanse por dúzias -a setembro de 2024 o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia tiña emitidos un total de 130 autos relativos a solicitudes de suspensión de autorizacións administrativas previas e de construción de 64 parques eólicos, dos cales 59 xa foron suspendidos-; e recentes fallos xudiciais en materia de minas apuntan xa concreta-

mente á prevaricación de cargos políticos, cuestión que está a ser investigada pola Fiscalía a instancias do Sindicato Labrego Galego e a fundación Montescola.

Lonxe de respectar a legalidade e pór fin á grave violencia estrutural materializada na ameaza de invasión do medio rural con estruturas industriais -contaminación de terras e augas, destrución de patrimonio natural e cultural, degradación medioambiental e da calidade de vida...-, adoptando un comportamento máis propio dun sicariato ao servizo de grandes empresas -vinculadas directamente as máis significativas con altos cargos do Partido Popular e o seu contorno, como Greenalia ou Inditex Renovables- non ten reparos en enviar á conselleira de medio ambiente a Bruxelas a pedir que lle cambien as leis para que se antepona o lucro e enriquecemento privado de determinadas empresas a cuestións esenciais para a supervivencia, non xa da

sociedade galega, senón do propio planeta, como é a conservación e recuperación de espazos naturais que poidan mitigar e reverter o quecemento global provocado pola industrialización exacerbada que acompaña ao capitalismo.

De feito, esta é a clave da estratexia do Partido Popular de Galicia: non procura que as empresas extractivas encadren as súas prácticas na legalidade e protección da saúde humana e medioambiental, senón manipular a lexislación para adaptala ao que lle piden certas empresas: a legalización da depredación. “No Sindicato Labrego Galego (SLG) temos claro que a veciñanza afectada, as organizacións sociais, a sociedade no seu conxunto, estamos facendo o xusto e responsábel, é dicir, defendendo a terra, a auga e elementos naturais do noso país fronte a un plan de negocio privado que o único que procura é encher os petos con beneficios inmediatos”, apuntou Margarida Prieto Ledo.



QUEREMOS GALEGO ▶ Convocarase unha manifestación nacional o día 23 de febreiro do vindeiro ano 2025, Día de Rosalía de Castro

O SLG participou na convocatoria nacional Queremos Galego

Panfleto de Queremos Galego

Novos datos poñen en evidencia o estado de emerxencia lingüística do galego con niveis de descoñecemento e emprego inéditos na historia da lingua. Son o resultado do predominio e da hexemonía do castelán intensificada nos últimos 15 anos co aumento da exclusión do idioma propio de Galiza da oferta en todos os ámbitos, nomeadamente no ensino, mais tamén no lecer infantil e xuvenil, administración, xustiza, televisión e audiovisual ou nas actividades comerciais e económicas. Así o vimos denunciando dende hai anos. A mobilización social polo idioma de Galiza logrou que do Consello de Europa ou a ONU dirixisen advertencias á Xunta de Galiza que haberá de mudar a actitude sobre o galego.

Reverter esta situación é posíbel co compromiso de todas e todos, comezando polas institucións galegas e os colectivos sociais. Cómpre, en primeiro lugar, asegurar o dereito de uso do galego e o deber de correspondelo con presenza e disposición como indicaba o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PXNLG) que a pesar do desleixo da Xunta e de non se ter posto en práctica nos últimos 15 anos, mantén obxectivos plenamente vixentes. O PXNLG, como grande acordo nacional pola lingua, debe ser reactivado como punto de partida dunha nova política a favor do noso idioma e da súa normalización.

MEDIDAS URGENTES

Ensino

Derrogación do decreto 79/2010. Aprobación dun novo decreto que asegure os máximos niveis de docencia en galego en todas as etapas educativas. Garantía inmediata de oferta de materiais didácticos en todas as etapas do ensino.

Actividades comerciais e económicas

Asegurar o pleno dereito de uso do galego, coa atención e a oferta correspondente, en todo tipo de servizos.

Cultura e lecer

Recuperar o papel normalizador da TVG, con ampla oferta para o público infantil e xuvenil adaptada a todos os dispositivos e potenciación da artes escénicas e musicais en galego e produción en galego; accións para que se cumpran os mínimos legais de presenza de galego na oferta radiofónica e audiovisual e se aumenten as cotas de dobraxe, lexendaxe, e financiamento anticipado de produción independente. Afortalar o sistema literario e editorial. Uso do galego en actividades deportivas, de tempo libre e extraescolares.

Administración, servizos públicos, sanidade e xustiza

Oferta positiva en galego en todos os servizos da administración pública, for autonómica, estatal ou municipal e incluíndo servizos privatizados dependentes da administración pública. Disposición de galego en programas informáticos, información, formularios, impresos e na atención en todas as súas formas. Coñecemento de galego por todas e todos as traballadoras e os traballadores públicos.



ALTRI ▶ A mobilización foi convocada polas plataformas Ulloa Viva e na Defensa da Ría de Arousa o domingo 15 de decembro en Compostela

O SLG amosou o seu rexeitamento a ALTRI Greenalia nas rúas da capital galega

Máis de 5.000 granxas produtoras de alimentos veríanse afectadas pola contaminación nun radio de até máis de 40km

O Sindicato Labrego Galego participou, de novo, na manifestación contra a macrocelulosa que as empresas Altri e Greenalia queren construír na comarca da Ulloa, convocada pola plataforma Por unha Ulloa Viva e En Defensa da Ría de Arousa o 15 de decembro na capital galega baixo o lema “A Xunta non pode calar a todo un país”.

“O domingo 15 de decembro, arredor de 100.000 persoas participamos nunha das mobilizacións máis numerosas da historia de Galiza para amosar o noso rexeitamento á instalación de Altri. Uns meses antes asinaban un manifesto de oposición a esta nova macrocelulosa os departamentos de Botánica, Bioloxía Funcional, Edafoloxía e Química Agrícola, Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física e a Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela; os departamentos de Ecoloxía e Bioloxía Animal, Economía Aplicada, Bioloxía Vexetal e Ciencia do Solo e a Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo; así como o departamento de Bioloxía e a Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña. Os principais motivos que argumentaron para a súa oposición son a deterioración dos ecosistemas e da biodiversidade que suporía, a elevada sensibilidade ambiental da área, o grave impacto no río Ulla e o incremento de emisións e da contaminación. A fábrica emitirá diversos contaminantes atmosféricos, incluídos óxidos



de xofre e nitróxeno, principais responsables da chuvia ácida, en cantidades moi importantes, monóxido de carbono, dióxido de carbono e partículas de contaminantes. Ademais de afectar á calidade do aire, tamén o farán á biodiversidade, e mesmo ao clima e á saúde pública”, sinalou a nosa Secretaria Xeral, Isabel Vilalba, nun artigo publicado no xornal *Nós Diario*.

Como temos alertado reiteradamente, alén dos prexuízos medioambientais que suporía o vertido diario de 30 millóns de litros de auga con substancias químicas e a contaminación medioambiental nun radio de polo menos 40km, repercutindo directamente na calidade de vida da poboación da Ulloa, esta megafactoría -que ademais aspira a levarse 250 millóns de euros do erario público- destruíría milleiros de postos de traballo relacionados coa produción alimentaria.

Concellos afectados

A día de hoxe, na contorna de 40km de afectación mínima desta industria hai máis de

5.000 granxas produtoras de alimentos. De feito, precisamente nos catro concellos principalmente afectados temos unha importante produción agraria, sumando un total de 758 granxas con distintas orientacións produtivas. Palas, Melide, Santiso e Agolada teñen 258 granxas que producen 82.193.664 litros de leite/ano, por poñer un exemplo.

As persoas que traballan producindo alimentos nesta contorna xa están a día de hoxe particularmente afectadas pola diminución de Superficie Agraria Útil (SAU), posto que o destino dunha alta porcentaxe das terras da comarca é a forestación, principalmente con eucaliptos.

Ademais dos perigos derivados da contaminación de terra, aire e auga, a apertura dunha macrocelulosa agravaría tamén esta problemática. Os seus prexuízos afectarían tamén á área da Ría de Arousa, impactando de xeito directo noutros sectores produtivos como o marisqueo, a pesca ou o turismo -con sensíbeis consecuencias no Ca-

miño de Santiago-.

Antecedentes

Dende o SLG opoñémonos ao proxecto GAMA de Altri e Greenalia dende o primeiro momento. Canda a denuncia da súa afección na produción agroalimentaria, elaboramos un mapa detallado da área de afección desta macrocelulosa dez veces maior ca de Ence en Pontevedra, solicitamos a realización de informes de impacto ás tres Reservas da Biosfera afectadas; dinamizamos a presentación de alegacións, puxemos os nosos locais en toda Galiza a disposición para a súa recollida, solicitamos ampliación do prazo de presentación e condenamos publicamente a tentativa da Xunta de Galicia de deslexitimar este proceso de participación social.

O proxecto GAMA é claramente rexeitado, non só pola propia poboación da contorna onde foi planificada a súa instalación, senón tamén por unha significativa parte da poboación galega, como así ficou patente na histórica manifestación celebrada en Palas de Rei o pasado 26 de maio e o 15 de decembro en Compostela.

Outra mostra da gran oposición social existente é o feito de que a Xunta de Galicia se vira na necesidade de declaralo Proxecto de Interese Estratégico (PIE) para poder “encaixar” a súa tramitación.

Como é sabido, esta é unha figura inventada ad hoc polo Goberno galego para diluír requisitos medioambientais en proxectos especialmente lesivos para a saúde das persoas e do medio ambiente, e moi habitualmente cunha forte e consciente oposición social aos mesmos.

DÍA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA ▶ Un ano máis o Sindicato Labrego Galego participou nas mobilizacións convocadas en toda Galiza con motivo do 25N

#25Nov24: Labregas unidas pola xustiza e a Soberanía Alimentaria! Abonda de violencias, fame e guerras!

O 20 de novembro en Xenebra, labregas do SLG propuxeron a intervención do Grupo de Dereitos Humanos da UNDROP en Palestina

Como todos os anos, o SLG participou nas mobilizacións convocadas en toda Galiza con motivo do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia Machista. Ademais, a nivel global dende a coordinadora labrega internacional La Vía Campesina, que agrupa a máis de dous millóns de labregas e labregos en todo o mundo, e da que facemos parte dende a súa creación no ano 1993, fixemos un chamamento global a pór fin á violencia, á fame e ás guerras, destacando que precisamente son as mulleres e as crianzas as que sofren con maior intensidade estas inxustizas.

O SLG en Xenebra

O pasado 20 de novembro, nas actividades compartidas no marco do proxecto Swift na sede do Instituto de Estudos Internacionais de Xenebra, a nosa Secretaria Xeral Isabel Vilalba, a Responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG María Ferreiro, canda Belén Fervenza, Conchi Docampo, Uxía García e Irea Blanco aproveitaron a presenza de Geneviève Savigny, presidenta do Grupo de dereitos humanos para poñer en marcha a Declaración dos dereitos das persoas labregas e das persoas traballadoras das zonas rurais (UNDROP) para, entre outros temas, propoñer a realización



dunha comunicación do grupo da ONU sobre a violencia que afecta ás mulleres palestinas co fin de conseguir unha actuación das Nacións Unidas respecto á violación dos dereitos humanos por parte de Israel. Tamén pedimos que se pare a crecente militarización e gasto en armas do Estado español e da UE.

O contexto actual de múltiples crises, exacerbadas por ocupacións brutais, guerras e conflitos, que provocan pobreza, fame, migracións, mortes e feminicidios en todo o mundo, e especialmente en Palestina, Líbano, Sudán, Iemen, Haití, Níxer, Perú, Ecuador e Malí, reclama con urxencia que poñamos o xénero e a xustiza social no centro da nosa axenda política. Necesitamos reflexión e acción, tanto a nivel global, rexional como local; dentro dos nosos movementos e tamén nas comunidades, sociedades e países.

Cara a un cambio no modelo agroalimentario

No marco do 25 de novembro, como La Vía Campesina afirmamos o compromiso coa

nosa Campaña Global “Basta de violencia contra as mulleres” e denunciaremos a responsabilidade do agronegocio pola violencia que vivimos no rural, pola crise ambiental, social e alimentaria.

Esiximos un cambio no modelo agroalimentario, baseado na Soberanía Alimentaria e na agroecoloxía labrega, na que as mulleres xogan un papel protagonista non arrefriamento do planeta e na alimentación da humanidade con alimentos saudábeis.

Afirmamos que combater a violencia, o cambio climático e a fame no rural implica levar a cabo reformas agrarias populares e comezar a construír outro modelo de produción de alimentos no mundo. Queremos cambiar radicalmente a economía para poñer no centro a reprodución da Vida, por iso reclamamos o cumprimento da Declaración dos Dereitos Labregos da ONU (UNDROP), especialmente o Artigo 4 sobre a non discriminación das mulleres.



DECLARACIÓN CONXUNTA ▶ Dende o 27 de setembro até o 2 de outubro o SLG foi a organización anfitroia da Escola Feminista de Mulleres Labregas da Rexión árabe e norteafricana de La Vía Campesina (ARNA) e da Coordinadora Europea Vía Campesina (ECVC), que se celebrou en Vilarmajor (A Coruña)

Declaración conxunta das Articulacións de Mulleres de ARNA e ECVC: Nin as mulleres nin a terra son territorios de conquista

Nós, as mulleres da Rexión Árabe e do Norte de África de LVC e a Coordinadora Europea Vía Campesiña, reunímonos en Galiza do 27 de setembro ao 1 de outubro de 2024, para intercambiar as nosas condicións de vida e traballo como mulleres labregas nos nosos respectivos contextos, co fin de aprender unhas doutras e identificar as nosas loitas comúns. Con forza unímonos contra o sistema neoliberal e patriarcal, que se basea na explotación do traballo das mulleres: as mulleres realizan unha parte importante do traballo agrícola, pero a miúdo non son propietarias dos medios de produción nin dos recursos. Producen alimentos destinados á exportación que elas mesmas non poden permitirse.

As labregas e traballadoras rurais xogan un papel importante na sociedade, o cal non é recoñecido. As mulleres realizan o 70% da produción agrícola. Encárganse ademais do 80% do traballo doméstico, asumindo así unha tripla carga de traballo. Somos fundamentais para lograr a soberanía alimentaria nos nosos territorios. Coidamos os nosos campos e as nosas familias, e protexemos o planeta no noso traballo diario. En tempos de guerra e crise, apoiamos as loitas das labregas nas nosas rexións, defendemos a paz e condenamos a crecente militarización do mundo.

En tempos de guerra e crise, apoiamos as loitas das campesiñas nas nosas rexións, defendemos resoltamente a paz e condenamos a crecente militarización do mundo. Xuntas, queremos expresar a nosa solidariedade con todas as mulleres que sofren a violencia e a guerra no mundo. Tamén nos mantemos unidas coas mulleres palestinas, libanesas e sudanesas que, en tempos de guerra e ocupación, seguen loitando pola libre determinación e pola liberdade. Condenamos e denunciaremos a guerra que Israel está a librar neste momento en Gaza, así como os ataques israelís contra o Líbano. Pedimos un cesamento do lume inmediato na rexión e o fin do xenocidio que, até o de agora, matou a decenas de miles de persoas.

Reafirmamos a urxente necesidade de respectar o dereito á vida, a unha vida digna, de todas as mulleres do mundo. Xuntas, reiteramos o noso compromiso de traballar da man pola soberanía alimentaria e poñer fin a todas as formas de violencia, explotación sexual e discrimi-

nación a nivel individual e institucional contra as mulleres e as nenas. No sistema actual, as labregas vémonos excluídas de varias formas en termos de igualdade de acceso aos recursos, servizos públicos e profesionais, así como en termos de participación igualitaria nas nosas organizacións locais e nos espazos públicos e de toma de decisións. Hoxe estamos unidas e reafirmamos a nosa loita común:

1. Pola igualdade de acceso á terra, á auga, ás sementes e a todos os demais recursos naturais, para asegurar ás mulleres a igualdade de dereitos sobre a propiedade da terra e un recoñecemento xurídico como campesiñas.
 2. Contra todas as formas de discriminación e violencia contra as mulleres (interseccionalidade, raza, orientación sexual e identidade de xénero).
 3. Polo pleno acceso das labregas e traballadoras rurais aos servizos profesionais e á seguridade social.
 4. Polo pleno acceso á información e á formación.
 5. Pola participación plena e efectiva das campesiñas nas súas organizacións, así como nos espazos de política pública e de toma de decisións.
 6. Pola igualdade completa de dereitos socioeconómicos para as traballadoras migrantes nas nosas rexións.
 7. Por prezos xustos para os alimentos producidos polas labregas e labregos.
 8. Por unha repartición equitativa e corresponsábel dos coidados sobre a base dun modelo público de comunidade.
 9. Por un acceso seguro e igualitario a todos os servizos públicos, incluído o transporte, así como unha distribución xusta das subvencións públicas.
- Comprometémonos a buscar activamente o fortalecemento de alianzas dentro de nosas propias organizacións e con organizacións sociais e feministas. Sen feminismo non hai soberanía alimentaria! Internacionalicemos a loita, internacionalicemos a esperanza!*



25N: en pé de loita labrega contra as violencias machistas

Este outono o SLG tivo a oportunidade de acoller como organización anfitrión a I Escola Feminista Campesina da Rexión árabe e norteafricana do movemento labrego internacional La Vía Campesina (ArNa) e da Coordinadora Europea da Vía Campesina -da que dende o propio SLG facemos parte- en Vilarmaior (A Coruña). Neste encontro puidemos identificar un amplo abano de violencias machistas comúns ás mulleres labregas en todo o planeta, así como matizar distintos xeitos concretos de violencias contra as mulleres produtoras de alimentos segundo o seu contexto socioeconómico. A fin de

coñecermos esta realidade, recollemos a continuación tres testemuñas achegadas por compañeiras doutras latitudes: Nina Gordillo, do Sindicato de Obreros de Campo-Sindicato Andaluz de Trabajadores (SOC-SAT), responsábel pola rexión europea na articulación de mulleres da Vía Campesina e no Comité de Coordinación da Coordinadora Europea Vía Campesina; Karima El Fouari, da Fédération Nationale du Secteur Agricole (FNSA) marroquí e a tunecina Torkia Chaibi Ep Abouini, Presidenta da Asociación “Un Millón de Mulleres Rurais e Sen Terras” e coordinadora da rexión ARNA.



Coordinadora das traballadoras na rexión de Sus, no sur de Marrocos, integrante da Fédération Nationale du Secteur Agricole (FNSA). “As principais demandas que sempre precisamos en Marrocos e [destacamos] nos encontros internacionais son, primeiro, capacitar ás mulleres e darlle acceso ás terras para facer fronte á discriminación e fornecer todos os servizos precisos: educación, sanidade, seguridade social... Tamén asegurarlles pagos xustos, axudas e subsidios para as familias, pensións dignas... Logo é fundamental a protección das mulleres contra a violencia e o acoso nos lugares de traballo, así como proporcionarlles medios de transporte que respecten a dignidade e protexan a seguridade destas mulleres. Temos distintas lexislacións relativas ás mulleres, como por exemplo a lexislación contra a violencia machista e outras lexislacións no código do traballo, o problema é que non se implementan estas lexislacións de xeito correcto” [Karima é a que viste de rosa na imaxe].



Presidenta da Asociación Un Millón de Mulleres Rurais e Sen Terras (Túnez) e coordinadora da rexión árabe e norteafricana de La Vía Campesina (ARNA). “A nosa principal reivindicación na rexión ARNA é o dereito da muller a acceder á terra. Para nós non se pode separar entre a terra e a muller. Tanto en Túnez, como en Marrocos, como en Irak, como en Palestina, en toda a zona árabe a muller é a que traballa e rega a terra coa súa suor. Sempre foi así. Nós alimentamos e nutrimos ao nosos pobos grazas a elas. E o acceso á terra vai ser a entrada para nós para garantir a independencia da muller. Cando acceda á terra a muller poderá traballar e ser independente, ter dignidade, poderá arraigarse na súa terra e consolidar a súa presenza para poder posuír a terra. Segundo a Xaria [dereito islámico], a maioría das mulleres no mundo árabe non teñen dereito a herdar terra. Pero normalmente podía ter unha parte. Pero agora xa non ten esa parte, porque moi a miúdo quen herda é o home, non a muller, impídeselle á muller herdar. No caso de morte do marido, é o seu irmán o que herda a terra. E se morre o pai, o que herda deste pasa ao irmán, entón é sempre o home o que herda, nunca a muller”.

JUANA FERRER PAREDES ▶ Labrega, traballadora da terra e activista (República Dominicana)

“Producimos para alimentar a toda a sociedade”

✓ **Juana, cando empezaches no movemento campesiño?**

Aos 14 anos empecei a militar no Movemento Juvenil, e na mocidade tamén militei na Confederación Nacional de Mujeres Campesinas. Dende entón fago parte do movemento de Mujeres Negras de República Dominicana, estiven vinculada tamén dende principio dos anos 80 ao Movemento Feminista, e logo tamén a nivel de América Latina. Aos 23 anos fun a Cuba e alí quedei estudando. Logo regresei a República Dominicana con máis enerxía e coñecemento para seguir. A militancia que tiven nos diferentes espazos do movemento campesiño ten que ver con ese compromiso político e social de transformación verdadeira dunha sociedade capitalista. En América Latina aínda temos a nosa loita e aspiramos a un estado socialista con igualdade e xustiza. Eu empecei a militar na Confederación Nacional de Mujeres del Campo (CONAMUCA) no ano 1980. En 1981 a CONAMUCA realizou o seu primeiro Encontro Nacional de Mujeres Dominicanas e no 1986 celebrouse o primeiro congreso no que a CONAMUCA mobilizou ao redor de 12 mil mulleres na capital. Este congreso foi moi importante para o movemento. A porcentaxe máis alta eramos mulleres novas traballadoras do campo.

✓ **Fálanos da túa militancia internacional e a relación coa Confederación Nacional de Mujeres del Campo e La Vía Campesina (LVC).**

A constitución da CLOC de La Vía Campesina significou a integración de cada un dos territorios dos países que forman parte de LVC. Tratouse dun traballo creado dende abaixo, de aí xurdiu. A CONAMUCA xa en 1981 era un movemento de mulleres moi forte, e toda esa base social que existía nos diferentes países foi o que implicou a constitución de La Vía Campesina e da Coordinadora Latinoamericana. Eu entrei na LVC con representación a nivel internacional no ano 2004 na conferencia que se realizou en São Paulo (Brasil) e alí estiven de 6 a 8 anos facendo parte da Comisión Coordinadora Internacional de La Vía Campesina.

✓ **Crees que foi un acerto en La Vía Cam-**



Juana Ferrer Paredes este verán en Oleiros (A Coruña).

“A Soberanía Alimentaria e o dereito á terra é unha das loitas principais de La Vía Campesina”

pesina dividir o traballo organizativo por eixos temáticos?

Si, eu creo que foi un acerto. Ao principio eran as comisións de traballo, e despois déuselle o elemento máis político a esas comisións de traballo e converteuse en colectivo. Os colectivos son a base do traballo, por unha banda interno, do funcionamento político, e por outra os colectivos permiten que dende as rexións e os continentes se asuma con maior responsabilidade todo o traballo estratéxico de LVC vinculado á temática de loita e de debate a nivel internacional como é o tema da terra, a soberanía alimentaria, os agrotóxicos, as sementes. En base a asumir ese modo de traballo tamén se desen-

volveron campañas: a campaña pola reforma agraria, a campaña pola soberanía alimentaria, a campaña contra os agrotóxicos, a campaña das sementes, etc. Na medida que os produtos agrícolas estean producidos con agrotóxicos e agroquímicos iso tamén afecta ás persoas que comen os alimentos. Nós producimos para alimentar a toda a sociedade e por iso tamén a nosa loita contra o transxénico. Unha das loitas a nivel dos continentes que se levou a cabo foi a loita contra o tratado de libre comercio, a loita contra a Organización Mundial do Comercio (OMC).

✓ **O 18 de decembro do ano 2018 a Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas (ONU) adoptou a Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais (UNDROP). Como valoras este logro?**

Toda a construción política que se fai dende os territorios e as organizacións nos países é o que fixo que realmente nas Nacións Unidas aprobasen a Declaración. Moitos anos de loita, de incidencia política, de debate, moito traballo para fortalecer as alianzas a nivel dos países, rexional e mundial. Creio que é unha base de defensa do campesiñado mundial, que falta moito por traballar aínda. Temos que seguir traballando para conseguir marcos legais para esta Declaración. Ese é un traballo no que estamos.

✓ **Na etapa de 2004 fuches a encargada dentro do Comité de Coordinación Internacional (CCI) do tema de xénero e da loita, dentro de La Vía Campesina, para que existise a igualdade de responsabilidades. Coméntanos esta etapa?**

Un dos aspectos importantes dese período foi lograr a paridade de maneira interna dentro de La Vía Campesina en todas as súas estruturas, incluíndo as estruturas nacional e rexionais, pero principalmente na Comisión Coordinadora Internacional, onde aprobamos que estaría composta por 50% mulleres e 50% homes. Tamén en 2005 fíxose unha reunión na que se decidiu ese 50-50% en todas as estruturas de LVC.

Iso implicou fortalecer a capacidade igualitaria entre homes e mulleres para presentar a organización en todos os espazos internacionais. Xurdiu de aí tamén a articulación de mulleres. Primeiro foi comisión de mulleres e logo articulación cun referente máis político das mulleres da LVC, e de aí xurdiu a campaña contra a violencia contra as mulleres que non foi unha campaña só de mulleres, xa que os homes tamén asumiron responsabilidades. Foi un traballo intenso para lograr a comprensión dentro da CCI dos elementos da campaña. Logramos en 2008 lanzar esa campaña, que é unha das máis importantes de LVC, que persiste e segue fortalecéndose, profundando en cales son as situacións de violencia que sufrimos as mulleres.

En 2005 en La Vía Campesina conseguimos a paridade, é dicir, que non haxa dous homes en representación dunha rexión, principalmente, aínda que nalgúns rexións houbo 2 mulleres e iso resalta o gran traballo de La Vía Campesina (LVC) á achega que fixemos as mulleres no proceso de loita e resistencia contra o modelo capitalista, contra o patriarcado, principalmente a loita contra a transnacional e o acaparamento da terra en defensa dos recursos naturais. A Soberanía Alimentaria e o dereito á terra é unha das loitas principais de La Vía Campesina.

✓ Cal é a importancia da formación dentro de LVC?

La Vía Campesina, a través da Escola, asumiu levar a cabo un proceso de formación sistemática cunha convocatoria mundial a desenvolver, tanto a nivel rexional como dos países, como ir construíndo unha rede mundial que parte inclusive da formación política nos territorios. Cando falo dos territorios falo da comunidade campesiña e indíxena, e tamén das particularidades políticas dos sectores que integramos LVC. No ano 2006 fixemos unha reunión en Santiago. Foi un encontro do movemento feminista internacional de mulleres campesiñas de LVC. A partir de aí continuamos ese debate para fortalecer a alianza coa Marcha Mundial de Mulleres, en cada un dos países, e achegar a nosa axenda ou traballar para que dentro do feminismo se asuma esa axenda porque iso tamén implicou moitas dificultades para incluír a axenda de mulleres do campo dentro da axenda do movemento feminista. O dereito á terra ou á soberanía alimentaria son temas que agora están nesa axenda global, ademais das loitas polos dereitos das mulleres de maneira colectiva.

✓ Hai que destacar o teu mérito durante o mandato no CCI de camiñar cara ao fe-

“Todo o que logramos facer, e como militante no meu caso, é porque tiven unha base de apoio, e iso pasa co SLG, en Galiza o SLG ten moitos recoñecementos”



Juana Ferrer e Xosé Ramón Cendán (Oleiros, A Coruña).

minismo e trasladalo á organización, pero tamén é un logro que agora esteas no CCI para dirixir a campaña de violencia, xa que segue habendo moitos malos tratos e desigualdade. Como valoras a grandes liñas a campaña e o avance?

Foi un paso moi acertado en LVC lanzar esa campaña contra a violencia contra as mulleres, porque constituíu tamén que dentro das organizacións mixtas sexa un debate, inclusive ao interior das organizacións, porque a campaña achegou ao debate entre a militancia das organizacións relacionado co dereito das mulleres e o recoñecemento das mulleres á loita e tamén actitudes de mulleres e homes en relación á igualdade. A violencia non é só malos tratos físicos ou feminicidio, tamén ten que ver coas vítimas de guerra, por exemplo, ou as mulleres que son desprazadas polo acaparamento de terra. O matrimonio infantil que afecta a nenas e adolescentes é un tema que se foi asumindo. Nese sentido, realizamos na República Dominicana en maio deste ano a sexta Escola de Formación Política e Ideolóxica de articulación de mulleres do continente das Américas, inclusive coa participación de Estados Unidos e Canadá, e avanzamos nese debate, de como traballaremos dentro de La Vía Campesina no marco da campaña de

violencia ese tema de violencia contra as nenas e adolescentes.

✓ Cal crees que é o papel das novas e os mozos dentro de LVC?

Dende a súa fundación, LVC contou con xente nova, tanto homes como mulleres, o que sucedeu respecto do coñecemento das mulleres a LVC é o que pasou coa mocidade. Houbo ese proceso a nivel das rexións, internacional e de países, cara a unha maior integración das novas e os mozos na tarefa política de LVC. A mocidade sempre estivo. Dentro de LVC houbo unha retomada da participación da mocidade con tarefas sobre a loita polos dereitos e o debate para que agora exista a Declaración dos Dereitos dos Labregos e das Labregas. Agora logrouse tomar unha decisión en LVC en relación á participación da mocidade na CCI. Antes só había 2 mozos que participaban, agora é un mozo por rexión, é dicir, agora serán 10 novos homes e mulleres que formarán parte da CCI, e iso é un paso moi importante.

✓ Como percibes o traballo do SLG?

Tiven a sorte de coñecer o Sindicato. En 2006 participei en reunións con vostedes. Cando falamos do avance da participación das mulleres ao interior do movemento campesiño internacional, neste caso de LVC e as súas aliadas e aliados, temos que tomar en conta a gran achega do Sindicato a través de Lúcia Senra. Lúcia é unha persoa moi comprometida como todas as persoas do Sindicato. A súa contribución foi grande na paridade dentro de LVC, do desenvolvemento dos apartados da campaña e os temas de debate das mulleres no interior de LVC e a CCI. Agora na última Conferencia, as compañeiras do Sindicato Labrego Galego tamén fixeron moi boas achegas. A militancia e o activismo de La Vía Campesina non é unha cuestión individual, é unha representación do espazo organizativo do noso país a nivel da rexión, temos que destacar as achegas que se fan á organización que representa cada unha. Todo o que logramos facer, e como militante no meu caso, é porque tiven unha base de apoio, e iso pasa co SLG, en Galiza o SLG ten moitos recoñecementos. Ás veces estás nun país e moita xente non coñece o teu traballo, pero nos espazos que estiven nestes meses en todos os lugares coñécese o traballo do Sindicato, é importante que outros sectores coñezan que existes.

✓ Pareceche se para acabar a entrevista lanzamos un slogan?

Globalicemos a loita, globalicemos a esperanza, que é consígnaa de LVC.

MULLERES BRAVAS ▶ Do 21 de outubro ao 10 de novembro esta produtora agroecolóxica e lideresa comunitaria conviviu e partillou axenda con labregas do SLG

Encontro da Secretaría das Mulleres do SLG coa defensora da terra hondureña Nancy Yaneth Escalante

A Secretaría das Mulleres do SLG celebrou 8 de novembro en Lalín unha xornada de posta en común e intercambio coincidindo coa recta final da nosa participación no proxecto Mulleres bravas de Honduras e Galiza. Tendendo pontes entre defensoras da vida, -desenvolvido por Amigas da Terra e Enxeñería Sen Fronteiras en colaboración con AGARESO-, a través do cal mulleres produtoras de alimentos do SLG conviviron e acolleron nas súas casas á tamén labrega e lideresa comunitaria Nancy Yaneth Escalante, defensora da terra hondureña.



grupo de mulleres da zona, e pola tarde Nancy coñeceu a María Pardo (Horta da Lousa), referente na loita das Encrobas.

Cronoloxía das visitas

Acompañada pola nosa Secretaria Xeral Isabel Vilalba, a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no SLG Margarida Prieto Ledo e labregas da comarca, na súa estancia pola zona da Mariña e a Terra Chá Nancy Escalante visitou o mercado de A Estruga (Vilalba), coñeceu proxectos produtivos como as queixerías Cristina Román e Don Gabino ou a apicultora María del Mar Trastoi de Mel Mar de Bon (San Simón), e mantivo xuntanzas con colectivos feministas e de defensa do monte. Abondando nas problemáticas xa presentadas durante o encontro estatal do movemento Plantámonos acollido polo Sindicato Labrego en Allariz e no que Nancy participou, nestes primeiros días de convivencia con mulleres do SLG esta defensora da terra hondureña observou exemplos da presión territorial existente no rural galego, a través dun roteiro por zonas onde houbo intentos de implantar proxectos mineiros na Terra Chá, así como outras invadidas por polígonos industriais eólicos.

Teixeiro-Cesuras-Aranga-Compostela

Seguidamente desprazouse cara a zona de Teixeira-Cesuras-Aranga-Compostela canda a Responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, a gandeira María Ferreiro. Ambas participaron en Santiago de Compostela no "I Congreso Galicia é Economía Social e Solidaria. Recoñecendo a Economía Social e Solidaria", que foi impulsado por REAS Galicia e financiado por la Rede Eusumo, achegando as súas experiencias a través da mesa "Unha economía que poida responder aos retos civilizatorios: Vivenda, Coidados, Territorio e Alimentación"; ao día seguinte asistiron á xornada "Políticas agrarias e territorio", organizada polo Sindicato Labrego en Medide.

Con María Ferreiro visitou a granxa en ecolóxico de Belén Vilariño Fandiño e Rubén Domínguez Estraviz en Fervenzas (Aranga). De aí desprazáronse a Cesuras á gandaría de Eva Rodríguez, tamén en ecolóxico, onde afondamos nos ataques na zona pola instalación de proxectos eólicos, liñas de tensión, etc. O xantar foi en Cesuras, cun

Vedra-Allariz-Redondela

Logo trasladouse á comarca da Ulla da man da labrega agroecolóxica Pura Seoane, que aproveitou eses días de convivencia para amosarlle os muíños que aínda se poden atopar na súa zona, lembranza da estreita vida en comunidade no rural galego de non hai tantos anos. Ademais de achegarlle outros proxectos de produción agroecolóxica nesta mesma zona, explicoulle canda veciñanza e labregas da Ulla algúns dos problemas fronte aos que se están organizando actualmente, como o acaparamento de terras agrarias por grandes viñedos industriais. Xuntas, Pura e Nancy, estiveron sementando cebola en Vedra.

Tamén sementou Nancy faba coiracha e apañou cabazas na comarca de Allariz, onde foi acollida pola labrega agroecolóxica e integrante da Dirección Nacional do SLG Uxía García, a quen ensinou a coller a semente dos boniatos e a botar nabizas como fan en Honduras. En Allariz coñeceu as vacas de raza cachena da man de Raquel Noguerol, socia da asociación de produtoras agroecolóxicas A Levada -como a propia Uxía García de Buciños -, e canda Herminia Salgado e Samuel Formoso -responsábel do sector da carne no SLG- soubo do grave problema que temos na Galiza coa Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE); Toño Rodríguez fixo de guía na visita ao Centro de Desenvolvemento Rural O Viso e con labregas e labregos e veciñanza da contorna Nancy foi a protagonista dun encontro-faladoiro no Centro Social Alvariça.

Coa vicerresponsábel do sector da horta no SLG, a labrega agroecolóxica Belén Fervenza, Nancy limpou bancais, botou tirabeque e entrou en contacto con outras labregas da comarca que lle trasladaron as dificultades existentes para acceder á terra, así como algunhas das problemáticas que tamén están presentes noutras partes do noso territorio -macroviñedos, ecólicos, celulosas-. Tamén coñeceu o traballo que se está a facer na defensa da alimentación agroecolóxica, como a rede de sementes e a participación nos mercados locais da comarca.

Un traballo que desgasta: Trastornos Musculoesqueléticos, a carga silenciosa das mulleres labregas

Os Trastornos Musculoesqueléticos (TME) que inclúen doenzas que afectan a músculos, articulacións, tendóns e nervios, representan unha das principais causas de baixa laboral no sector agropecuario. Os TME son alteracións provocadas ou agravadas polas actividades laborais e as condicións da contorna. No agro, estas doenzas son unha realidade cotiá que afecta gravemente ás mulleres, quen asumen tarefas específicas que agravan o seu desgaste físico e mental. Un dos principais factores que contribúen á alta incidencia de TME entre as mulleres labregas é o uso de ferramentas e maquinaria non adaptadas á súa fisionomía. A falta de deseños ergonómicos adecuados aumenta o risco de lesións, xa que moitas das ferramentas están pensadas para os homes, o que forza ás traballadoras a adoptar posturas ou realizar esforzos inadecuados. Isto xera situacións de risco que poderían ser evitadas con equipamentos deseñados tendo en conta as diferenzas anatómicas.

Ademais, a carga de traballo relacionada cos coidados familiares, xeralmente non compartidos, suma estrés e fatiga física, empeorando a súa situación. Este traballo, a miúdo invisibilizado, coloca ás mulleres labregas no último lugar cando se trata de coidarse a si mesmas. Asumen as necesidades da familia e da granxa como prioridades, deixando a súa propia saúde en segundo plano. Mesmo cando sofren dores ou están esgotadas, adían as consultas médicas por falta de tempo ou recursos, o que deriva nun agravamento dos seus problemas de saúde. Ademais, atopan unha falta de sensibilidade por parte dalgúns profesionais sanitarios, que minimizan os síntomas ou ofrecen tratamentos superficiais sen investigar as causas reais. Este descoido inclúe, a miúdo, atribuír os síntomas a cambios hormonais (como a menstruación ou a menopausa), o que invisibiliza o problema e incrementa a culpabilización das mulleres, xerando desconfianza no sistema sanitario e, en consecuencia, reducindo a súa frecuencia de consulta.

Un Problema Estrutural, Non Individual

Os expertos coinciden en que os TME no sector agropecuario non son un problema individual, senón un reflexo das condicións estruturais do traballo no agro. A falta de investimento en prevención, a precariedade laboral e a invisibilización do traballo das mulleres perpetúan esta situación. Non se trata de que as labregas non coiden de si mesmas, senón de que operan nun sistema que non proporciona as ferramentas nin as condicións necesarias para preservar a súa saúde.

O Custo Físico do Traballo no Agro

Os traballos agrícolas impoñen un esforzo físico considerable. A sobrecarga física derivada de levantar e transportar cargas pesadas, a adopción de posicións incómodas durante longos períodos, a miúdo baixo condicións climáticas adversas, e os movementos repetitivos son só algúns dos desafíos diarios. Ademais, a fisionomía feminina, ignorada no deseño da maioría das ferramentas e maquinaria agrícola, incrementa o risco de lesións. Sen a adaptación de equipos ao corpo das mulleres e cunha falta xeral de formación en ergonómia, estas traballadoras quedan desprotexidas ante os perigos diarios das súas tarefas. A combinación destas longas xornadas laborais e responsabilidades domésticas adicionais incrementa a fatiga física e mental, exacerbando o risco de lesións e enfermidades. As mulleres labregas asumen unha dobre ou tripla xornada, combinando as súas responsabilidades profesionais co coidado dos fogares e das familias. Este desgaste constante provoca unha fatiga crónica que non só afecta o corpo, senón tamén a mente, incrementando o risco de accidentes laborais por falta de concentración e reflexos.

Cifras que falan:

- Segundo o INSST máis do 60% das traballadoras agrícolas sofre algún tipo de TME.
- As mulleres teñen o dobre de risco de sufrir lesións musculoesqueléticas que os homes.
- Os TME son a principal causa de baixa laboral no sector agrario. Ademais, a análise das enfermidades profesionais no sector mostra que case o 73% delas son TME.
- A falta de prevención dos TME custa no estado español máis de 2.000 millóns de euros ao ano, segundo estimacións do INSST.
- Os datos do Observatorio Estatal de Condicións de Traballo (OECT) revelan a magnitude do problema. En 2020, o sector da Agricultura, Gandería, Caza e Servizos Relacionados ocupou o sexto lugar en número de accidentes laborais por sobreexforzo, con 6.835 casos notificados. As costas foi a zona máis afectada (33,5%), seguida das pernas (14,4%) e os ombreiros (8,5%).

Entre os TME máis frecuentes destacan:

- Síndrome do túnel carpiano: A compresión do nervio mediano no túnel carpiano da boneca provoca dor, entumecemento e formigueo na man e os dedos, afectando a destreza e a capacidade de agarrar.

- Tendinite: A inflamación dos tendóns, especialmente dos ombreiros, cóbados e bonecas, xera dor, sensibilidade e inflamación, dificultando o movemento e a realización de tarefas.

- Dor lumbar: A dor na parte baixa das costas, causado por posturas forzadas e levantamento de cargas, pode volverse crónico e limitar gravemente a mobilidade.

- Lesións de columna vertebral: A presión sobre a columna pode provocar hernias discais ou protusións, xerando dor intensa e limitando a capacidade de traballo. Ademais destes TME específicos, as labregas tamén poden experimentar:

- Fatiga crónica: O esgotamento físico e mental afecta a calidade de vida, o sono e a capacidade para realizar as tarefas diarias.

- Maior risco de accidentes: A fatiga e a dor diminúen a concentración e os reflexos, aumentando o risco de sufrir accidentes laborais. O impacto destes trastornos é profundo, non só en termos de dor físico, senón tamén na calidade de vida. As traballadoras afectadas a miúdo experimentan dor crónica, limitación de movementos, e en casos graves, discapacidades que afectan a súa capacidade para traballar e realizar tarefas cotiás. Isto pode levar a problemas psicolóxicos como a ansiedade, a depresión e o illamento social. Un problema que se ve agravado pola falta de acceso a servizos de saúde en áreas rurais e á presión para continuar traballando a pesar da dor. A redución de profesionais sanitarios, xunto coa falta de transporte público e as longas distancias que hai que percorrer para chegar a un centro médico, fai que moitas mulleres non poidan acceder a atencións básicas. Esta realidade, sumada á falta de tempo debido ás múltiples responsabilidades que asumen, fai que os problemas de saúde sexan ignorados ou tratados de forma tardía.

Medidas urxentes para previr e abordar os TME

Ante esta situación, é urxente aplicar medidas efectivas para previr e tratar os TME no sector agropecuario. Alcemos a voz para esixir medidas concretas que protexan a saúde das labregas como:

- A realización de estudos exhaustivos sobre as tarefas agrícolas, identificando os movementos, posturas e cargas que poden xerar risco de TME. Identificar e corrixir factores de risco ergonómicos, como posturas forzadas, movementos repetitivos e manexo de cargas pesadas. Isto permitirá implementar medidas preventivas específicas.

- As ferramentas e maquinarias agrícolas deben adaptarse á fisionomía feminina, garantindo que o seu uso non implique un risco adicional. É necesario promover o deseño e uso de equipos ergonómicos que teñan en conta as diferenzas anatómicas.

- Capacitar ás traballadoras en técnicas de levantamento e manexo de cargas, así como na importancia de adoptar posturas correctas e realizar pausas activas. O uso correcto de ferramentas e a adopción de posicións seguras son esenciais para reducir a incidencia de TME.

- Mellorar o acceso a servizos de saúde en áreas rurais, incluíndo fisioterapia e rehabilitación, para o diagnóstico temperán e tratamento dos TME. Isto é fundamental para evitar o agravamento dos problemas de saúde.

- Promover campañas de sensibilización sobre a importancia da prevención dos TME, dirixidas tanto ás traballadoras como ás persoas empregadas e autoridades. Visibilizar o problema é o primeiro paso para impulsar o cambio.

É hora de actuar para protexer a saúde das que nos alimentan.

É fundamental que se recoñeza a contribución vital das mulleres labregas e se tomen medidas para garantir unha contorna de traballo seguro e saudable. A mellora das súas condicións laborais non só beneficiará a súa saúde e benestar, senón que tamén fortalecerá a agricultura e a economía rural na Galiza. Non podemos permitir que o traballo no agro siga sendo sinónimo de dor e sufrimento, e débese garantir que as mulleres que nos alimentan teñan o recoñecemento e o apoio que merecen.



sindicato
labrego galego
comisións labregas



sindicato labrego galego



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

PILAR GUIMAREI ▶ Gandeira de vacún na comarca da Estrada, afiliada ao Sindicato Labrego Galego dende hai máis de trinta anos, nos que tamén asumiu cargos de responsabilidade

“Este sindicato é un sindicato da afiliación, non dos que mandan”

✓ Pilar, es unha das afiliadas con máis traxectoria no Sindicato Labrego Galego, cales foron os motivos que no seu momento te achegaron á organización e por que te animaches a facer parte dela de xeito activo?

Eu comecei alá polo ano 1989 máis ou menos, o meu pai levaba xa afiliado uns anos e o motivo polo que me acheguei ao Sindicato foi por recoñecer a unha filla. Falecera o meu home e preguntei no local se me podían facer esa xestión, dixéronme que si e quedei moi contenta, e dende aquela estou activa no Sindicato. Nese momento a miña nai era a titular da granxa, onde traballabamos tamén o meu pai e eu, até que con 60 anos a miña nai prexubilouse e pasei a ter eu a granxa até hoxe en día. Temos vacas de carne e ovellas, pero tiven tamén de leite até hai aproximadamente dez anos.

✓ Ademais de participar na organización como afiliada, tamén asumiches cargos de responsabilidade ao pouco de incorporarte. A día de hoxe es integrante da Dirección Nacional, pero tamén formaches parte dende principios dos noventa da Dirección do Leite e da Dirección Permanente [actual Executiva Nacional], onde participaches máis de dez anos. Como valoras esta etapa?

Resultoume unha etapa formadora e a nivel persoal moi ben, porque ademais diso sempre participei nas mobilizacións todas, era unha cousa que me gustaba. Algunha vez dicíanme “e que fuches a facer? Non te fixeron caso”, pero eu dicía “caso non me farían, pero polo menos saben que non estou contenta co que están facendo”. É o que eu contestaba sempre cando me dicían así. lembro tractoradas en Santiago, na Estrada, por localidades... Fun en moitas ocasións a Madrid... Algunhas veces non conseguíamos nada, pero outras veces si que nos facían caso. Quedando na casa non fas nada. Polo menos, se non che fan caso, temos que protestar para que saiban que non estamos de acordo co que están facendo.

Desa primeira época lembro sobre todo as loitas polo dereito a producir, na contra da



Pilar Guimarei e Xosé Ramón Cendán o ano pasado no local nacional do Sindicato Labrego en Compostela.

“Sempre participei nas mobilizacións todas, era unha cousa que me gustaba”

entrada no “Mercado Común Europeo que nos deixaba sen granxas... Tamén loitamos contra proxectos para que non ocuparan terras agrarias, como por exemplo con eucaliptos, loita na que seguimos até agora contra os polígonos industrias eólicos e solares.

No sector do leite e da carne constituírase

daquela tamén a Sectorial, e houbera mobilizacións por prezos xustos para o leite. lembro tamén unha vez con Mariano [Pazos Currais] na Estrada, cando foi que había que pagar a contribución das terras, eu lembro que lle dicía “non, Mariano, eu pago” e el dicirme que non, e facerlle caso e grazas a el non pagar. E despois por exemplo no Sindicato, a nivel de cursos, tivemos cursos formativos moi relevantes para coller experiencia, tanto de temas agrarios -calidade do leite, fitosanitarios, manexo de granxas...- como por exemplo de primeiros auxilios como o que fixemos recentemente na Estrada, que estivo súper interesante. Cursos moi útiles e con moita participación. E iso que á xente agora cústalle un pouco máis acudir ás cousas, porque tamén está un pouco desanimada...

Toda esta participación permitíume coñecer xente, coñecer lugares aos que ao mellor se non tivera participación no Sindicato pois non iría, e fixen amizades. Estiven tamén no seu momento de vogal polo Sindicato na Cámara Agraria en Pontevedra.

✓ **A nivel de estratexia sindical, dende a túa ampla experiencia dentro da organización, como ves o noso proxecto, cres que estamos sendo capaces de axudar a que siga habendo granxas labregas, a defendermos un medio rural vivo?**

O Sindicato Labrego Galego si que se esforza, pero é que machácanos tanto por todos os lados... Unha cousa que me sorprende moitísimo, por exemplo, é que coa vacinación da lingua azul non che deixen mandar un becerro ao matadoiro sen vacinar, pero si que podes vacinalo hoxe e matalo mañá, non sei eu de que vale a vacina de hoxe para mañá... E como esa, tamén a carga burocrática esaxerada e unha e mil cousas nas que che poñen trabas que non se lles ve lóxica. Dannos para atrás, para adiante nada. Por moito que digan na televisión e en todos os sitios que axudan, non axudan nada, ao contrario.

✓ **Nos últimos tempos tentouse cuestionar a utilidade dos Sindicatos na defensa tanto das persoas labregas como obreiras. Ti cres que deberan desaparecer ou que fai falla reforzalos?**

Fai falla reforzalos. Eu incluso teño tido disputas con xente que di “os sindicatos total

non fan nada, podes ir ás reunións e logo fan eles o que lles dá a gana”. E eu “bueno, pois será logo no teu sindicato”, pero eu no meu sindicato cando hai algún problema puntual, a min por exemplo persoalmente tenme chamado moitas veces Lidia [Senra, Secretaria Xeral 1989-2007] por teléfono cando había algún problema para dicirme “mira, hai este problema, ti que opinas? Que che parece isto?”. E o que opinamos a maioría é o que se fai, non o que di o Sindicato, se non o que di a afiliación do Sindicato.

E no noso sindicato sempre foi así, “se no teu non é problema teu e mais do teu sindicato”, respondíalles eu, pero no noso realmente eu teño ido a reunións e ao mellor Lidia ou outras persoas ter unha orientación sobre unha cousa, e entre todos dicir que non e ao final facíase realmente o que quería a afiliación. En ocasións, noutras non.

Ao mellor uns ven unha cousa dunha maneira e outros doutra, e cando explican pois dis “ten razón”. Pero eu sempre recoñecín que este sindicato é un sindicato da afiliación, non dos que mandan, sempre o vin así, sempre contaron moito coa opinión da afiliación.

✓ **Ademais de como profesional produ-**

tora de alimentos, cres que como muller axudoute a loita do Sindicato Labrego Galego polo recoñecemento dos dereitos das labregas?

Por suposto que si. Ademais ao vernos nas xuntanzas que hai e nos actos sempre levas ideas para casa, estás máis posta nos temas que se estás na casa sen moverte. Poucos encontros anuais da Secretaría das Mulleres perdín... Eu normalmente ás cousas do Sindicato acudín a todas, salvo cando tes temas puntuais polos que non podes. Por supostísimo o Sindicato serviu tamén como unha ferramenta para dicir “eu teño dereitos como muller”. Sobre todo nas charlas e nos encontros de mulleres.

En todos sempre saes reforzada coas opinións e cas cousas que che din e que che contan e que ves que, non sei... Dunha maneira saes con outro carácter, con outro reforzo, que si que se pode, que somos colectivo. E sobre todo escoitar as versións de mulleres... Ao mellor dis ti “isto non se pode facer”, e logo vas a unha reunión e escoitas “pois eu fixen isto e...”, e dis “pois si que se podía facer, mira...”. E ao mellor se non vas a ningún encontro nin vas a nada non te decatás da metade das cousas, non sabes por onde podes tirar.



MAGOSTO ▶ O Sindicato Labrego Galego e As chaves das noces organizaron unha nova edición

Magosto Labrego en Castroverde

As dificultades que teñen as mozas e os mozos para acceder á terra na Galiza e o seu acaparamento por grandes empresas sobre a mesa

O 29 de novembro, coincidindo co remate do mes, tivo lugar o Magosto Labrego, en Castroverde, que organizamos A chave das noces e o Sindicato Labrego Galego no local de A chave das noces (Montecubeiro). Máis de cen persoas xuntáronse para festexar e, tamén, loitar.

'A mocidade labrega fronte o acaparamento de terra'

A primeira parte da xornada estivo protagonizada pola palestra 'A mocidade labrega fronte o acaparamento de terra', na que interviñeron Brais Álvarez, apicultor e membro da Executiva Nacional do SLG-CCLL; Margarida Prieto Ledo, coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no Sindicato Labrego Galego; e María Osorio, gandeira de Becerreá e tamén integrante da da Executiva Nacional do Sindicato Labrego.

As relatoras reflexionaron arredor das dificultades que teñen as mozas e mozos para acceder á terra na Galiza, e tamén a presión que dende os gobernos e as grandes empresas se está facendo na nosa terra, e como isto tamén afectaba a que no noso país se estean primando intereses alleos de empresas que veñen de fóra a lucrase da nosa terra, no lugar de termar do concepto da

Soberanía Alimentaria, un dos piares que defendemos dende o SLG-CCLL e tamén dende La Vía Campesina. Produtoras como Brais Álvarez e María Osorio, e defensoras históricas como Margarida Prieto, traballan día a día a prol da Soberanía Alimentaria e do seu mantemento e supervivencia na Galiza.

Foliada e concertos

Tras o remate da palestra, as persoas asistentes ao Magosto Labrego 2024 puideron gozar de foliada e dos concertos dos grupos Punk on keixo e Proxecto Consoante. A actividade estivo financiada pola Deputación de Lugo.



DEREITOS LABREGOS ▶ Composta por 28 artigos, a Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais

Declaración das Nacións Unidas sobre os Dereitos dos Labregos e das Labregas e doutras Persoas que traballan nas Zonas Rurais

Dende 1993, por medio de La Vía Campesina, millóns de persoas que viven en áreas rurais advertiron ao mundo do desastre. Despois dunha década de mobilizacións e loita para contrarrestar a crecente expansión do capital internacional, La Vía Campesina propuxo e iniciou unha campaña a prol dun instrumento legal internacional para a defensa dos dereitos dos pobos aos seus territorios, sementes, augas e bosques.

Durante 17 longos anos, labregas e labregos, traballadoras e traballadores, pescadoras e pescadores e pobos orixinarios de Asia, África, as Américas e Europa negociaron con paciencia e persistencia dentro e fóra do Consello de Dereitos Humanos da

Organización das Nacións Unidas, compartindo as súas historias de expropiación e desolación. Este proceso de negociación serviu como catalizador e permitiu abordar a campaña con maior vigor.

O 18 de decembro de 2018, estes esforzos finalmente deron o seu froito e a Asamblea Xeral da Organización das Nacións Unidas adoptou a Declaración da ONU de dereitos de labregos e outras persoas que traballan en áreas rurais (UNDROP, polas sus siglas en inglés). Esta Declaración non só considera ás labregas e aos labregos como meros "suxeitos de dereito".

Tamén reconece ás labregas e aos labregos e ás persoas que habitan zonas rurais

como axentes fundamentais para superar as crises. Esta Declaración das Nacións Unidas é un instrumento estratéxico para fortalecer as loitas e propostas dos movementos rurais. Ademais, senta unha xurisprudencia e unha perspectiva xurídica internacional para orientar a lexislación e as políticas públicas e todos os niveis institucionais en beneficio das que alimentan o mundo.

O núcleo céntrase no dereito á terra, ás sementes e á biodiversidade, así como en varios dereitos colectivos ancorados na Soberanía Alimentaria. Está composta por 28 artigos (que imos amosando nos Fouces), correspondéndose o oitavo á liberdade de pensamento, opinión e expresión.

ARTIGO 8: LIBERDADE DE PENSAMENTO, OPINIÓN E EXPRESIÓN



1. Os labregos e as labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito á liberdade de pensamento, crenzas, conciencia, relixión, opinión, expresión e reunión pacífica. Teñen dereito a expresar as súas opinións oralmente, por escrito ou en forma impresa ou artística, ou por calquera outro procedemento da súa elección, a nivel local, rexional, nacional e internacional.

2. Os labregos e labregas e outras persoas que traballan nas zonas rurais teñen dereito, individual e colectivamente en asociación con outros ou como comunidade, a participar en actividades pacíficas contra as violacións dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais.

3. O exercicio dos dereitos previstos no presente artigo entraña deberes e responsabilidades especiais. Por conseguinte, poden estar suxeitos a certas restricións, que deberán, porén, estar expresamente fixadas pola lei e ser necesarias para:

- a) Asegurar o respecto aos dereitos ou á reputación dos demais.
- b) A protección da seguridade nacional, a orde pública ou a saúde ou a moral públicas.

4. Os estados adoptarán todas as medidas necesarias para garantir a protección polas autoridades competentes de todas as persoas, individualmente ou en asociación con outras, fronte a todo acto de violencia, ameaza, represalia, discriminación de dereito ou de feito, presión ou calquera outra acción arbitraria resultante do exercicio lexítimo e a defensa dos dereitos descritos na presente declaración.

ACCIDENTE DE TRABAJO: QUE É? QUE IMPLICA TER UN?

ACCIDENTE DE TRABAJO

Aquel dano ou lesión sufrido como consecuencia directa do traballo (exemplo: caída na sala de muxido, cabezada dunha ovella, sobreesforzo apañando leitugas...). Dende o 26 de outubro de 2017 tamén se considera ACCIDENTE DE TRABAJO o sufrido ao ir ou volver do lugar de realización da actividade (sempre que non coincida co domicilio). O desprazamento durante a xornada de traballo, sempre que se demostre que é debido a actividade é accidente de traballo (exemplo: ir arar unha terra, sega de herba para silo...).

Se temos un accidente de traballo **debemos acudir (dependendo da súa gravidade), ao hospital ou ao centro asistencial da mutua máis próximo**. No caso dun accidente leve é importante acudir tamén aos servizos médicos, pois pode derivar nun dano ou lesión máis grave que derive nunha baixa por accidente de traballo.

Se a asistencia médica é hospitalaria e non hai ingreso, débese acudir a mutua canto antes, xa que é quen emitira a baixa médica, (os servizos de atención primaria do SERGAS **nunca** poden emitir unha baixa médica por accidente de traballo a unha persoa autónoma). A baixa médica por accidente de traballo **sempre** a emite a mutua.

Se o accidente é con baixa médica hai un prazo de cinco días hábiles dende a data da baixa para tramitar de maneira telemática (Sistema Delta) a declaración do accidente. **Se é un accidente sen baixa médica**, a tramitación telemática hai que facela **nos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte ao accidente**.

En calquera dos dous casos sinalados anteriormente, se recibimos atención médica no centro de saúde, no hospital, **o SERGAS vai requirir unha copia da declaración tramitada por internet** tanto, se hai baixa médica como se foi un accidente sen baixa médica.

Se a mutua se nega a dar a baixa médica por accidente de traballo, alegando que non foi derivado do traballo, pode presentarse determinación de continxencia ante o INSS e a mutua correspondente.

QUE FAGO EN CASO DE ENFERMIDADE COMÚN/ACCIDENTE NON LABORAL?

Se temos un proceso de incapacidade temporal por enfermidade común ou un accidente non laboral, **o persoal médico do SERGAS será quen emita o parte de baixa médica**, e xa o envían directamente ao Instituto Nacional da Seguridade Social (dende o 01/04/2023 non é obrigatorio entregar o parte de baixa nin os posteriores de confirmación).

TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE DE INCAPACIDADE TEMPORAL

(Igual ou mesmo procedemento para accidente de traballo, enfermidade común ou accidente non laboral). O pago da prestación por incapacidade temporal **sempre hai que presentala ante a mutua**, que é a responsábel do pago das prestacións.

A partir do día da baixa médica **hai 15 días naturais para comunicar na mutua en que situación queda a actividade** (se pecha temporalmente ou que persoa quedaría ao cargo). Ao mesmo tempo presentase a solicitude de prestación (cada mutua ten os seus modelos). **Semestralmente hai que renovar a declaración** de situación de actividade.



REGULACIÓN AUTÓNOMAS

*Están chegando avisos aos correos electrónicos da **regularización das cotas da seguridade social do ano 2023**. A persoa autónoma ten que acceder ao seu portal de Importass. É moi importante abrir estas notificacións. Sobre todo **é importante para que poidan consolidar a base de cotización de decembro de 2022**. O **prazo** para as persoas autónomas que reciban a notificación este mes de decembro de 2024 **será até o 31 de xaneiro de 2025**, mais **teñen que acceder á súa sede electrónica** para ver o tramite de audiencia. **En xaneiro notificarán as persoas autónomas que lles manteñen a base de cotización do 2023**, estas non teñen que facer nada.*

*A **finais de febreiro**, e no mes de marzo, notificarán as persoas que tiñan **unha base de cotización máis baixa da que deberían polos ingresos do ano 2023**; neste caso **teñen que ingresar a diferenza**, terán de prazo **até o último día do mes seguinte** ao que abran a notificación (por exemplo notificación aberta o 15 de marzo terían de prazo até o 30 de abril para ingresar).*

Axudas vixentes e prazos

1. Axudas para a prevención dos danos que causan as especies silvestres:

Aberto o prazo até o **10 de xaneiro** (código do procedemento **MT809D**).

2. Axudas para os investimentos para a elaboración e comercialización de produtos vitivinícolas:

Aberto o prazo até vindeiro **31 de xaneiro** (código do procedemento **MR361A**).

3. Axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas

(código de procedemento **MT809E**). Para os danos que se produciron **do 11 de**

outubro ao 20 de decembro aberto o prazo até o **20 de xaneiro**. Para os danos que se produciron **a partir do 20 de decembro**, hai un mes de prazo dende a chamada ao **012** para comunicar o dano.

4. Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

(código de procedemento **MT809B**). Para os danos que se produciron **do 1 de outubro ao 20 de decembro** aberto o prazo até o **20 de xaneiro**. Para os danos que se produciron **a partir do 20 de decembro**, hai un mes de prazo dende a chamada ao **012** para comunicar o dano. **Máis información sobre estas axudas no teu local do SLG-CCLL.**

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Motos
DAELIM FIVE de 50 e
DERBI HARRI de 50
-Autocargador EUROPA
☎618 244 883 (Suso)

Véndese

-Colleitora de cereais,
Marca e modelo: John
Deer 955 (Oroso)
☎627 936 604

Véndese

-Gran húmido en Big-Bags ☎671 204 500

Véndese

-Viño tinto e branco de
Chantada. Años e cabritos
en extensivo
Razon ☎626 080 082

Véndese

-Cuba Hapy 1800 litros
e 2 muxidos
-Sala de muxido traseira
de 10 prazas e 8 puntos.
Retirada, medición e
pulsación electrónica
☎670 320 138
(Chantada)

Véndese

-Casa con finca 5000m2
na zona de Castroverde
☎648 718 864

Véndese

-Rulos de herba
seca, zona de Monforte
de Lemos
☎622 322 769

Véndese

-Casa de pedra con
finca de 5000m2 en Cube-
las Castroverde.
☎648 718 864 (Berta)

Véndese

-Cisterna Galagri de
7000l de capacidade;
dous eixes
-Encintadora Gallinani
de rodas
Por xubilación do titular
☎686 058 176

Véndese

-Tractor Same de 120 CV
en bo estado. Barreiros en
funcionamento. Zona de
Friol ☎982 183 019

Véndese

-Tanque de leite da
marca Serap, de 3500 li-
tros. Gorgullos - Tordoia
☎636 705 285 (Elisardo)

Véndese

-Arado de dos regos
marca LA CASTA con vol-
teo hidráulico de 14 pulga-
das
- Segadora BCS
☎699 44 60 62
Vilamaior

Véndese

-Maquinaria agrícola en
bo uso
- JOHN DEERE 2850
- Grada de dentes
-Xerador de luz semi-
novo
- Remolque
☎608 551 543

Véndese

-Invernadoiro multitúnel
dunha nave con pantalla
térmica. Ten dúas portas
nos extremos e dimensións
de 10 m X 60 m. Con 6
años de antigüidade. Está
practicamente novo xa que
se usou para albergar un
cultivo de fungos en
tronco.
Prezo (negociábel)
En Lanzós, Vilalba (Lugo)
☎687 70 14 41
616 66 07 36

Véndese

-Ovellas de boa raza.
☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Casa con finca en
Sobrado dos Monxes
☎635 503 763

Véndese

-Esterco
-Ovos para casas e res-
taurantes.
☎981 446 501

Alúganse

-Cortes e fincas
en Cabanas
☎981 446 501
(Rosa ou Javier)

Véndese

-Can de palleiro autén-
tico (Víctor) ☎676 26 84 64

Véndese

- 2,5 hectáreas de herba
para segar. Bo acceso. Boa
calidade. Económicas.
☎625 814 050
(Jose Manuel - Concello de
Betanzos)

Véndese

-Abonadora VICON de
tractor
☎637 545 179 (Luz)

Véndese

-Xuntador de herba
Kuhn de 4 metros de
Xunta
-Pinza cortadora de Te-
nias
-Estendedor de herba
Zona de Carballido (Lugo)
☎653 641 823

Véndese

-Muíño de auga de di-
mensión 10 por 10. Bo es-
tado, con 1ha de terreo
xunto ao muíño
-Xatos e xatas de limou-
sin (país con carta)
A 10km de Lugo
☎690 774 565

Véndese

-Tractor EBRO Super 55
funcionando en Figueiras
(Mondoñedo)
(Lisardo) ☎648 74 20 87

Véndese

-Touro raza ANGUS de 4
años
-Segadora Marca
CAMON
☎690 77 45 65 (José)

Véndese

-Venda directa de carne
de xato. Canais, medio
canal, cuartos, e lotes de
10kg. Gallega Suprema.
Servizo a domicilio en
calquera punto de Galiza
☎676 196 243

Véndese

-Sala de muxido marca
Westfalia de 6 puntos.
-Tanque do frío de 1300
L monofásico e lavado
automático
-Cisterna bebedoiro de
fibra con bomba de carga
☎690 83 05 41

Véndese ou alúgase

-Véndese ou alúgase
con dereito a compra,
nave de 1400m2 a 25 km
de Santiago. Prezo
interesante
☎634 409 255 (Elena)

Véndese

-Millo para ensilar na
zona de Doroña,
Vilarmador. 3ha
aproximadamente
☎660 221 250

Véndese

-Fresadora no concello
de Tordoia
☎657 365 726

Véndese

-Cisterna seminova de
6000 L marca Romay coa
ITV pasada na zona de
Betanzos (Javier)
☎600 830 624

Véndese

- Arado antigo de bois ou
vacas en bo estado para
exposición.
Prezo a concordar
(zona de Meira)
☎662 471 382

Véndese

-Tanque de frío de 200
litros ☎662 323 867
(Manuela)

Véndese

-Amasadora de pan
eléctrica de aceiro
inoxidábel
-Forno de leña sen usar
Monfero (Angélica)
☎680 277 044

Véndese

-Casa en Alto Xestoso
con palleiro e terreo
☎608 895 684

Véndese

-Ovellas (zonas
Cabanas)
☎981 446 501

Regálase

Mastín Español de 11
meses O Val (Narón)
☎616 082 871
(Manuel)

Véndese ou trócase

- Véndese autocargador
ou trócase por maquinaria
ou animais
☎689 752 400

Véndese

-Rotovator marca
Masquiu de 2,5 mts de
ancho con rodillo
hidráulico, con barras
helicoidales
-Vertedera marca
Overum, de tres palas
-Cultivadores de 2,7 mts
de ancho
☎650 019 275
(Zona da Limia)

Véndese

-Silo de 8000 kg
-Grade de discos de 18
discos
-Segadora rotativa class
2700
-Moto BMW 650
(Zona de Castroverde)
☎617 65 53 20

Véndese

-Vacas de leite (por
separado)
-Tanque de leite Serap
de 2.550 litros con lavado
automático
(Monfero) ☎666 861 530

Véndese

-Tractor Pascual con
remolque e arado
Muras (As Pontes)
☎677 136 104

Véndese

-Vacas de leite e
becerras de recría na zona
de Meira
☎680 870 957

Véndese

-Enroladora, taladros e
rotativa de 4 discos
☎981 44 65 01
(José María) Cabanas

Véndese

-Arado de vertedera
(marca Ebro de 2 palas)
☎650 019 275

Véndese

-Autocargador
- Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
☎626 686 509
(Zona de Portomarín)

Véndese

-Microsilos de millo
(rulos) no concello de
Ordes. ☎650 149 217

Véndese

-Desbrozadora de
cadeas 1.45 de ancho por
1.6 de longo
☎604 028 980
(Jesús-Zona de Melide)

Véndese

-Empacadora Massey
Fergusson 124E
☎629 851 614

Véndese

-Tractor agrícola (marca
LAMBORGHINI). Modelo
1050 VDT (Allariz)
☎988 44 02 57

Alúgase

-Establo e fincas
Véndese esterco
☎981 446 501

Búscase

-Peón agro-gandeiro
para granxa láctea no
Concello de Monfero
☎646 878 067

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Tanque de frío de leite 3600L Westfalia
-Rotativo BOVINO-AUTO-CARGADOR
-Tanque de frío de leite 500L Frigolait
-Silos para penso 8000kg con SINFIN 5500KG
☎610 362 674

Véndese

-Rolos de Silo
-Bañeira de leite 1.200 litros, JAPY
-Motor de muxido SAT 1000
☎646 60 11 81
(María Jesus)

Véndese

Por xubilación:
-Tractor New-Holland 6080 grade rotativa
-Feraboli 3m de traballo
-Sala de muxido de 4 puntos con medidores Alfa-Laval
-Tanque de frío do leite de 1000l
-Xerador de corrente de 32 cadeas para tractor (Antonio Ríos Castiñeiras, de Trazo)
☎696 818 012

Véndese

-1 silo de penso de 2000kg
☎982 31 21 09 (José)

Véndese

-Rolos de herba seca e/ou silos.
Zona de As Nogais (David)
☎600 81 96 73

Véndese

- 50 ovelas ecolóxico (A Limia)
☎686 864 735

Véndese

- Batedor de purín con botella de inclinación
-Tractor Renault Super 7 con documentación. En bo estado, rodas novas, dirección asistida e saída de hidráulico dobre efecto (2500€)
☎606 508 189
(Miguel, Lánara)

Véndese

-18 Rolos de herba seca.
-Silo de 16m x 6m.
-3 xovencas frisoas.
☎636 915 510
(José Antonio, Calde)

Véndese

-Estendedor e hilerador de herba seca
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Xovencas preñadas (3 e 6 meses)
☎667 001 553
(Monfero)

Véndese

-Becerras Limousin
☎685 884 257
(Javier, Lugo)

Véndese

-Campeva de 5 coitelos (con documentación)
-Desinsiladora CORVAR con poldro hidráulico
-Cuba de leite Alfa-Laval trifásica de 1.600 Litros
☎606 697 157

Véndese

-Leña para biomasa
☎670 895 789

Véndese

-Castrón adulto (2 anos) para recría. Saneado. Criado en liberdade con pasto natural.
Na zona de Corme (Ponteceso)
☎659 932 481

Véndese

-Viño do país branco e tinto. ☎986 689 486 (Ana)

Véndese

-Tractor Lamborghini 80CV dobre tracción (2004)
-Rotativa de 1,85m
☎667 469 962

Véndese

-Cociña de leña
-Caldeira de leña
☎649 369 179
(Ponteareas)

Véndese

-Remexedor de purín con articulación hidráulica
☎678 132 156 (Vilalba)

Véndese

-Tubeira, motor de descarga e motor de vacío de tres puntos de sala de muxido
-Desensiladora Kuhn
-Tractor Ebro 160 para repostos
Véndese por separado e acéptanse ofertas
☎646 073 487
(José, Monfero)

Véndese

-Silo de ferro con capacidade de 25 toneladas preparado para cal viva
-Grade de discos de 16x24.
☎630 561 310 (Friol)

Véndese

-Tenreiro Limousin puro para reprodutor
☎606 739 438
(Alejandro)

Véndese

-Alpacas pequenas
☎619 267 520

Véndese

-2 muiños eléctricos, 1 pastor eléctrico en lote de malla electrificada (9 rolos) uns usados, outros sen usar.
☎677 564 691
(Mondoñedo)

Véndese

-Casa no lugar de Parada de Ribeira, a 3 km. de Xinzo de Limia.
Amoblada e lista para vivir.
Bo prezo.
☎678 616 746 (Paco)

Véndese

-1.5 ha de millo para ensilar no concello de Abegondo (prezo de mercado) ☎619 267 520

Véndese

-Skoda Fabia de 68 CV TDI, Diesel. Ano 2007 e 212.000 km.
☎692 979 686

Véndese

-Motocultor Pasquali Modelo 968.02. Inclúe remolque con tracción, desbrozadora, fresadora e arado.
-Motoazada Jet 505 HR.
-Motor Honda 5.5 con fresadora e arado
☎605 908 585

Véndese

-Sala de muxido Full Wood, de catro puntos, monofásica
-Tanque de leite Japy 1.200 litros, monofásico
☎690 779 973 (Oroso)

Véndese

-Tractor SAME de 120 cv, con dobre tracción e con turbo. En perfecto estado. Zona Friol ☎982 183 019 / 628 785 466

Véndese

- Coche Peugeot 309 do ano 90. ITV até xaneiro do 2025 ☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Cargador rotativo da marca Rotomorra por falta de uso. (Antonio).
☎680 385 068 (Ordes)

Véndese

-Vacas e novillas por peche de granxa. Zona de Carballido (Lugo, Antonio)
☎616 74 52 24

Véndese

-Empacadora pequena marca Class, no Concello de Oza Cesuras.
☎646 753 984 ou 981 196 224 (Mónica)

Véndese

-Grupo halógeno para tractor
-Revolvedor do purín
-Resinsiladora
-Xuntador de herba
-Extendedor de herba (Zona de Meira. Prezo a convir) ☎982 330 623 // 662 471 382

Véndese

-Casa para restaurar con terreo de 3000 m. No concello de Lánara, zona Carballal, prezo negociábel. :
☎606 5081 89 (Miguel)

Véndese

-Autocargador
-Extendedor
-Bertolina
-Sulfatadora
Zona de Portomarín
☎626 686 509

Véndese

-Grade de discos de 16
-Unha desinsiladora (Zona de A Pastoriza)
☎649 310 981

Véndese

-Tanque de frío marca ALFA LAVAL para 430 litros e catro muxiduras
-Rolos de silo desta campaña
-Segadora de man marca ALFA, modelo A-100
☎689 601 768 (Emilio)
Chamar a partir das 15:00

Véndese

-Boi (4 anos) grande e manso. A 8 km de As Pontes. ☎600 830 624

Véndese

-Máquinas de limpar
-Muiño eléctrico
No Corgo (Manuel, Lugo)
☎648 718 864

Véndese

-60 bolos de silo e 30 de herba seca en Sobrado
☎677 752 829

Véndese

-Véndese carro mesturador arrastrado horizontal Tatoma con fresa de dez metros de 2010. Ideal para unha granxa de 50 vacas a a 70 en muxido. En bo estado, rodas novas e aceites recen cambiados. (Jose Ramón)
☎639 683 278

Véndese

-Rolos de herba seca en Lugo. (Andrés) ☎646 665 896

Alúgase

-Cuadra para gando vacún no lugar de Trazo Km 6, Numide - Tordoia
☎680 926 816 (Pilar)

Véndese

-Encintadora de brazo
☎620 576 908 (Monfero)

Véndese

-27 tubos de Formigón, seminovos. Diámetro 40.
-Apeiros de tracción animal (babalo) carro, arado e grade, etc.
-Bidón de 1000L aceiro inox de viño, ideal para o mel (seminovo)
-Muxidora de caldeira, co motor. (Melide)
☎651 99 55 03

Véndese

-Cisterna purín Cisca nova galvanizada 5000l compresor 2800l capacidade. (Melide)
☎604 028 980

Véndese

-Cadeira de cabalo con agarradeiras
-Becerro Limousin (ambos pais con carta)
☎690 774 565

Véndese

-Tractor John Deere de 82 CV e dobre tracción en bo estado
☎647 916 031 (José)

Véndese

-Tractor Deutz Fahr. Agratom K 110
- Cisterna Carruxo de 8000L
- Rotativo Bonino AB-45TR
- Rotoempacadora Deutz Fahr GP-2.30 (malla e fío)
- Sulfatadora Aguirre 1EQP600
- Abonadora Vicon 1000KG
- Rastrillo Hilerador Kuhn GA-3501-GM
- Rastrillo Esparcidor e Hilerador New Holland 254
- Rotativa Disco Class 2.60 de corte
- Desensiladora Trioliet TU170
- Ordeñadora Westfalia 6 puntos con retirada
- Rulo 2.40Mts
-Encintadora Volvo
☎625 180 903 (Jose Luis)

Alúgase

-Granxa de leite con cortes vellas, novas e fincas. En Reboredo (Frades). Dispón de rodadeira, sala de muxido, sala de espera, etc.
-Tamén hai posibilidade de mercar o gando existente na granxa actualmente ☎628 829 199

Búscase

-Peón agrícola para granxa de leite en Monfero ☎646 626 492

Alúgase

-Establo libre e fincas (Cabanas) ☎981 446 501

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL) e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Para realizar calquera modificación do anuncio, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical.

Dende o Sindicato Labrego Galego denunciámos o forte carácter antidemocrático evidenciado polo Partido Popular de Galicia na intencionalidade de aproveitar a súa maioría parlamentaria para modificar cuestións de base que rexen na actualidade os marcos de relación que deben respectar as empresas que queren desenvolver proxectos industriais no noso territorio. Modificacións lexislativas desta transcendencia deben estar lexitimadas pola participación pública.



sindicato
labrego galego
comisións labregas

Lei de Acompañamento: roubar dereitos á cidadanía para outorgar privilexios ás empresas extractivas

Na mañá do 18 de novembro a coordinadora da loita contra o acaparamento de terras no Sindicato Labrego Galego, Margarida Prieto, acompañada por Brais Álvarez, da Executiva Nacional do Sindicato Labrego Galego; Xosé Pérez do servizo xurídico do Sindicato Labrego e Xosé Ramón Cendán (asesor da Executiva Nacional do Sindicato Labrego), trasladaron en rolda de prensa en Compostela unha análise da proposta de Lei de Acompañamento que aprobada pola Xunta e que, entre outros aspectos, reduce a participación cidadá en cuestións de máxima actualidade no noso país, como a oposición social á invasión de proxectos industriais e contaminantes espoliadores de recursos naturais no noso medio rural: eólicos, minas, celulosas.

“A Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañe os orzamentos da Xunta para 2025, unha vez máis cambia pola porta de atrás normativas sectoriais moi importantes que teñen un impacto no noso rural de moito calado, exemplos como a normativa en materia de minaría, eólica, forestal, ordenación do territorio, política social, etc.”, situou Margarida Prieto Ledo.

“O goberno do Partido Popular continua nestes presupostos nunha carreira por facilitar as grandes empresas a súa implantación en calquera parte do territorio, tratando de eludir as proteccións que poidan existir respecto de diferentes elemen-



Superficie agraria útil

En primeiro termo cómpre lembrar que Galicia ten a menor superficie agraria útil (SAU) de todo o Estado -só un 21%, fronte á media estatal do 45,8%-, polo que é especialmente importante non só evitar agrandar esta carencia, senón tamén facilitar que poda ser ampliada esta porcentaxe, acadando polo menos un terzo de SAU. Con todo, os cambios introducidos nesta Lei van no sentido totalmente contrario, favorecendo mesmo que terreos que a día de hoxe son agrarios poidan ter outro tipo de usos en función do que decida a Administración nese momento, relegando unha cuestión tan sensíbel como é a produción de alimentos e, nomeadamente, a nosa soberanía alimentaria, a un se-

gundo plano.

É necesario que se reflicta expresamente no texto que se salve a protección para uso agrícola e gandeiro dos terreos que teñan aptitude produtiva ou vocación agrícola. Igualmente, no medio rural, en todas as agrupacións de casas ou núcleos, as masas forestais non deberían achegarse a menos de 500 metros. Estes 500 metros deben dedicarse a cultivos agrícolas e forraxeiros, froiteiras, e outros cultivos para a alimentación humana. Pode haber árbores caducifolias soltas, sempre que non se trate de masas forestais, particularmente de especies que sexan susceptibles de axudar a espallar o lume (máis información nas páxinas 10, 11 e 12 deste Fouce).

tos da natureza, o patrimonio, etc. En resumo: impondo que

prácticas abusivas das empresas que a día de hoxe son ilegais,

se convertan en legais”, afirmou Margarida Prieto Ledo.